



"O noso idioma galego debe merecer toda a vosa simpatía, porque é a lingua do traballador, do obreiro, do artesán, do labrego, do mariñeiro" (Castelao)

Doazón (viaxe fin de curso): 1,90 €

## Año de premios para os estudantes do IES Ribeira do Louro

Este foi un excelente ano para os rapaces e rapazas do IES Ribeira do Louro: Aurora Ballesteros Fernández, alumna do noso instituto ata o curso pasado, obtivo o Premio Excelencia, que concedeu por primeira vez a Xunta de Galicia para os universitarios galegos que acadaron unha nota superior a 9,30 puntos; María Saa Nascimento, alumna de 2ºESO, logrou ser unha das gañadoras no Iº Certame Galego de Regueifas, celebrado en Vigo; dous equipos de alumnos de Economía de 1º Bacharelato en Ciencias Sociais conseguiron meterse na final do xogo concurso "PLAY desafío para emprendedores novos", organizado por Caixanova; e amais, ao peche de edición deste xornal, puidemos coñecer que a Anabel Trigas Acevedo, alumna do ciclo de Comercio Internacional, foille concedido o Premio Extraordinario de Formación Profesional. *(Segue en páxinas interiores)*



Aurora Ballesteros Fernández, Premio Excelencia concedido pola Xunta de Galicia



Estudantes do IES Ribeira do Louro, xunto co seu profesor, durante a final da "PLAY desafío para emprendedores novos", organizada por Caixanova



Alumnos e alumnas do IES Ribeira do Louro, no Iº Certame Galego de Regueifas, celebrado en Vigo. María Saa, gañadora no Certame, co seu trofeo nas mans

### SUMARIO:

§Editorial (páx. 2)  
§Éxitos dos nosos estudantes (páx. 3)  
§Entrevista a Aurora Ballesteros (páx. 4)  
§Premios "Agudiza o Enxeño".  
Convocado o "IP" Concurso Matemático" (páx. 5, 29 e 34)  
§Vía a Atapuerca (páx. 6 e 7)  
§Visita ao Esteiro do Miño (páx. 6)  
§Vía a Valencia (páx. 8 e 9)  
§De Vincios a Finlandia (páx. 10)  
§Multiculturalismo no noso centro (páx. 11)  
§Departamento de Orientación.

Entrevista (páx. 12 e 18)  
§Ciclos Formativos: Administrativo.  
Entrevista (páx. 13)  
§Ciclos Formativos: Electricidade e Electrónica. Entrevista (páx. 14)  
§Visita a ACEESCA (páx. 15)  
§Entrevista á Presidenta da Asociación Autistas Vigo (páx. 16 e 17)  
§O físico non é o importante (páx. 18)  
§Igualdade de xénero (páx. 19)  
§Apadrinar (páx. 19)  
§Como reclamar? (páx. 20 e 21)  
§A galega no caso do Polonio 210 (páx.22)

§Separa para reciclar (páx. 23)  
§Como adquirimos a linguaxe? (páx. 24)  
§Grupo de baile "Agarimo de Torneiros" (páx. 24)  
§A Biblioteca (páx. 25)  
§Caderno dun lector (25)  
§Recomendacións literarias (páx. 26)  
§Crítica musical: Tokio Hotel (páx. 26)  
§O crime de Filomena: unha historia real (páx. 27)  
§Vida deste mozo (páx. 27)  
§A computadora humana (páx. 28)  
§Entrevista a Óscar Pereiro (páx. 30)

§Alumnos do noso IES na TVG (páx. 30)  
§Entroido 2007 (páx. 31 e 32)  
§Pasatempos (páx. 33, 34 e 35)  
§Caricaturas de profesores (páx. 35)  
§Estudantes regueifeiros (contraportada)



María Mariño

Día das

Letras Galegas

2007



*Velaquí unha parte dos integrantes do equipo de redacción de Órbita*

## EDITORIAL

Dende o Equipo de Normalización Lingüística, en canto comezou o curso, decidimos editar unha revista para que funcionase como unha pequena escola de xornalistas. Os alumnos e alumnas participantes debían facer de todo: cubrir novas xeradas no instituto e no propio concello, entrevistar a personaxes de interese, realizar enquisas, opinar, debuxar, tirar fotografías... Pretendemos que a nosa publicación tivese en todo a feitura dun xornal: foi editado en DINA3, procuramos sempre a elaboración de titulares, entradas, información gráfica..., e demos prioridade á opinión sobre a creación literaria, aínda que esta tamén tivese o seu espazo. Amais, tivemos mentes de non desaproveitar o reclamo da primeira páxina e levamos á portada a información que consideramos máis relevante.

O lector poderá xulgar os resultados; secomasí, fixándonos na maneira de traballar dos nosos rapaces e rapazas, e vendo o entusiasmo que puxeron nos seus labores xornalísticos, non pecaremos de adiviños se auguramos que algún dos participantes no equipo de colaboradores da revista, é probable que o vexamos dentro de poucos anos exercendo o seu maxisterio nalgún medio de información de masas.

## **Órbita, xornal do IES Ribeira do Louro (O Porriño)**

### ALUMNADO

#### **Equipo de redacción:**

Júnior Manuel Araújo (1ºESO-A), Ricardo González (1ºESO-A), Sheila Feijoo (1ºESO-A), Míriam Juste (1ºESO-A), Natalia González (2ºESO-A), Judit Fernández (2ºESO-A), Lucía Alonso (2ºESO-A), Florentina Castaño (2ºESO-A), Olalla Fernández (2ºESO-A), Jénifer Álvarez (2ºESO-A), Yolanda Franco (2ºESO-A), Andrea Domínguez (2ºESO-A), Virxinia Pereira (2ºESO-B), Mª Goretti Lorenzo (2ºESO-B), Lara Rodríguez (2ºESO-B), Rebeca Rochas (2ºESO-B), Adriana Vázquez (2ºESO-C), Noelia Sousa (2ºESO-C), Irene Valle (2ºESO-C), Jonathan Iglesias (2ºESO-C), Carla Sobral (2ºESO-C), Xosé Manuel Sanromán (2ºESO-C), Alba Rodríguez (2ºESO-C), Jéssica Fernández (3ºESO-A), Mª de la O Alonso (3ºESO-A), María Alonso (3ºESO-A), Noemí Guisande (3ºESO-A), Lucía Martínez (3ºESO-A), Nerea Fernández (3ºESO-A), Sheila Pérez (3ºESO-A), Noelia Rodríguez (3ºESO-A), Andrea Álvarez (3ºESO-B), Mónica Boente (4ºESO-A), Douglas Papa Martins (4ºESO-A), Cíntia Carpintero (4ºESO-A), Alba Besada (4ºESO-A), Andrea Garrido (4ºESO-A), Jéssica Iglesias (4ºESO-B), Andrea Romero (4ºESO-B), Sofía Guisande (4ºESO-B), Iria Senra Pimentel (4ºESO-B), Eliana dos Anjos Alonso (4ºESO-B), Iván Pereira (4ºESA), Mª Arantxa Pereiro (1ºBACH-B), Ariana Flores (1ºBACH.), Mª Xosé Pérez (4ºESA), Silvia González (4ºESA), Mila Fernández (4ºESA)

#### **Colaboracións especiais:**

María Domínguez (1ºBACH-A), Estela Fernández (1ºBACH-A), Míriam Carrera (1ºBACH-A), Álex Jacobo (1ºBACH-A), Aarón Losada (1ºBACH-A), Roberto Fernández (1ºBACH-A), Alfonso José Conde (1ºBACH-A), Aniana Flores (1ºBACH.), Javier Herranz (3ºESA), Kusmirah Kusmirah (4ºESA), Mohamed Lahcen (4ºESA), Diego Vázquez (4ºESA), Bryan Pérez (4ºESA), Sergio Alonso (1º Comercio Internacional), Andrea Carballido (1º Comercio Internacional), Cristina López, Aurora Ballesteros

### PROFESORADO:

#### **Entrega e supervisión de traballos de estudantes:**

Virxinia Calviño, Milagros Malvido, Mª Paz Fernández, Mª Xosé Iglesias, David Barros, Óscar Álvarez, Victorino García

#### **Textos de seu:**

Xulio César Abalde, Dolores Méndez, Sara Costa, Aurora Sobrino, Mª Victoria Villar, Francisco Xosé Docampo, Ana Mª Castro, Xosé Antonio Cid, Ana Belén García, Fernando Carballo

#### **Outros agradecementos:**

Mª Sol Mouzo, Laureano Girón, Mª Isabel Saco, Xosé Manuel Cortizo, Antonio Méndez, Mª Asunción Teixeira, Ana Perdiguero, Carme Arnaiz, Anxos González, Esther Fraga, Xesús Gutiérrez, Xosé Manuel Míguez, Mª Xesús Bahillo, Mª Luisa Tenreiro, Antonio Carlos Brandao, Guillermo Comesaña

**Asesoramento informático:** Francisco Xosé Docampo

**Coordinación:** Delio García

# Éxitos no Iº Certame Galego de Regueifas

O xurado, formado, entre outros, polo músico Xurxo Souto, decidiu nomear como unha das gañadoras do Certame á alumna María Saa, do IES Ribeira do Louro. Éxito, pois, da nosa alumna, pero tamén do resto dos participantes e, nomeadamente, de Luis, “O Caruncho”, e Pinto de Herbón, os mestres da regueifa. O lugar de celebración deste festival foi o espléndido e recién inaugurado Centro Cultural de Valadares e contou coa presenza da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo.

## REDACCIÓN

O 13 de abril tivo lugar no Centro Cultural de Valadares, en Vigo, unha experiencia educativa marabillosa: preto de douscentos alumnos de diversos institutos galegos subiron a un escenario para rivalizar oralmente con outros mediante a improvisación de cuartetos (estrofas de catro versos octosílabos, con rima nos pares). Os organizadores do Certame acababan de espallar entre a xente nova a práctica da regueifa (quérese dicir, a disputa cantada), unha tradición fondamente arraizada na nosa cultura e moi viva aínda noutras culturas do mundo. Evidentemente, o éxito do evento explícase polo traballo previo levado a cabo por Luis “O Caruncho” e Pinto de Herbón, coa organización

de obradoiros nos que participaron máis de mil estudantes de secundaria. Os nosos alumnos de 2º e 3º da ESO estiveron entre eles e trece dos nosos estudantes foron seleccionados para o Certame (Judit Fernández, Laura Normiella, Virxinia Pereira, Jónathan Iglesias, María Saa, Jénifer Rodríguez, Érica Ramírez, Adriana Vázquez, Xosé Luis Guisande, Jéssica Fernández, Noelia Rodríguez, Xosé Ramón Ramírez, Tania Rodríguez). Todos eles o fixeron moi ben e mesmo protagonizaron o “milagre” cando, xa de volta no autobús, continuaron regueifando con outros compañeiros dun centro educativo das Neves que viaxaban con eles.

(Segue na contraportada)



María Saa, á beira dos profesores de música, David Barros e Óscar Álvarez. A premiada ten nas mans unha regueifa de barro (orixinalmente a regueifa era unha rosca pola que retexaban ou competían os regueifeiros nos banquetes)

## Dous equipos do IES Ribeira do Louro, na final da “PLAY desafío para emprendedores novos”, organizada por Caixanova

## REDACCIÓN

Dous equipos de alumnos de Economía de 1º de Bacharelato de Ciencias Sociais do noso centro quedaron finalistas dun xogo-concurso organizado por Caixanova, para estudantes de toda Galiza.

Entre 285 equipos e un total de 1380 alumnos participantes de bacharelato de distintos institutos de todo o país, só cinco equipos xogaron a final, e dous deles foron do noso Instituto! A clasificación definitiva foi a seguinte: primeiro premio, IES de Poio; segundo premio, Colexio Montecastelo, de Vigo; terceiro e cuarto premio, IES Ribeira do Louro; e quinto premio, IES de Monterroso, en Lugo. Os equipos do noso Instituto galardónados co terceiro e cuarto premio chamábanse Balín S.A (integrado por Noelia Aires, Bárbara López, Iris Loureiro, Andrea Pazos e Lucía Romero) e Corpore S.A (constituído por Roberto Álvarez, Diego Cuervo, Miguel Ángel Gallego e Alejandro Rodríguez), respectivamente. Amais, aínda que non chegasen á final, os outros tres equipos que o centro presentou á competición tamén lograron un bo resultado, clasificándose entre os 18 primeiros.

O xogo chámase “PLAY desafío para emprendedores novos” e é unha iniciativa da Escola de negocios Caixanova, que pretende amosar a difícil tarefa da dirección e xestión de empresas dun xeito práctico e divertido.

Ao participaren na PLAY, os estudantes convértese en auténticos directivos e, como acontece no mundo real, deben competir con outras empresas para converter a súa na líder do mercado. Desta forma teñen que tomar decisións de produción, investimento, financiamento, marketing, definir estratexias de venda e outras relacionadas coa xestión da súa empresa.

Os equipos teñen cadansúa empresa con dous produtos en carteira, leite e iogures, e loitan por seren líderes do mercado nacional e mais dun mercado estranxeiro.

O xogo desenvolveuse en tres fases, cun total de nove semanas de duración. Os mellores cinco equipos desas tres fases acudiron á final presencial na sede social de Caixanova. Todos os finalistas recibiron importantes premios nunha cerimonia que tivo lugar o 19 de abril, e á que asistiron o presidente e mais o director xeral de Caixanova.



Equipo de estudantes galardónadas co 3º premio na PLAY de Caixanova, a carón do seu profesor de Economía, Fernando Carballo

## Unha ex alumna do IES Ribeira do Louro recibe o Premio Excelencia para universitarios

O acto celebrado en Santiago de Compostela, contou coa presenza do Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño

Parabéns, Aurora! Es un exemplo a seguir, tanto pola túa constancia coma polo compañeirismo que sempre amosaches.

(Órbita ofrece aos seus lectores unha ampla entrevista coa protagonista na pág. 4)



Diploma e 3000 € para Aurora Ballesteros, unha antiga colaboradora de Órbita



# AURORA BALLESTEROS: “A cuestión non é a intelixencia, senón saber dosificar a preguiza na xusta medida”

A ex alumna do IES Ribeira do Louro e flamante gañadora dos Premios Excelencia para universitarios, entregados durante este curso, respóndenos ao seguinte cuestionario.

“Antes de nada, gustaríame agradecer a presenza das profesoras Isabel e Aurora no acto de entrega dos premios, xa que me fixo moita ilusión, e completou a satisfacción que puideron sentir nese día... Ademais, aproveito para saudar ao resto do profesorado, en especial aos que nos deron clases nestes dous anos de bacharelato!”

## Como te sentes ao recibir este premio?

Evidentemente, moi contenta, polo que supón o recoñecemento do esforzo investido, e tamén pola dotación económica, que tampouco está nada mal...

## Que salientarías do teu paso polo I.E.S Ribeira do Louro? Lembras algo en especial?

Por ser orixinal, direi que os compañeiros e profesores que me atopei nos meus anos de instituto. Os compañeiros, en primeiro lugar, porque de entre eles saíron moi poucos pero moi bos amigos. Dos profesores, en segundo, destacaríaa especialmente a aqueles que non se limitan a impartir a materia mecanicamente, senón que aportan algo máis que

datos ás clases... por se quen le isto pensa que é simple “peloteo”, teño que dicir que é certo que hai poucos así... Pero precisamente por iso hai que aproveitálos!

## Por que te decidiches por historia? Estás contenta? Que estudades?

Vaia unha pregunta complicada... Supoño que elixir unha carreira en concreto ten algo de instintivo ou irracional, porque se pode ter moi clara a orientación, no meu caso cara ás humanidades pero á hora de decantarse por unha disciplina en particular dentro dese campo entran en xogo moitos factores... Na miña elección, coído que foi fundamental contar desde o primeiro ano en que cursei a materia cunha excelente profesora, capaz de transmitir que a Historia non é só unha acumulación de datas, acontecementos e personaxes, senón que tamén é unha disciplina reflexiva, ademais do compoñente memorístico que, coma todas as demais, podía ter. A partir deste punto, e a medida que un estuda Historia vaise decantando da ampla visión do mundo que proporciona. Durante a carreira, non só

estudamos “historia”: temos a oportunidade de ter tamén arte, xeografía, antropoloxía, literatura, socioloxía, idiomas... Ademais dun gran número de clases prácticas de paleografía, arquivística e arqueoloxía. En prehistoria, por exemplo, tivemos que visitar o museo de ciencias para ver unha momia de Homo sapiens, e a universidade permítenos participar a partir de abril en programas de intercambio para traballar, como principiantes, claro está, en excavacións arqueolóxicas de Galicia, norte de Portugal e sur de Francia... De verdade teño que contestar á pregunta de se estou contenta?

## Pensas que vale a pena estudar se se poden facer outras cousas? Que lle recomendarías a aqueles alumnos que van regular nos estudos?

A verdade é que non é doado poñerse cos libros cando non se atopa ningún aliciente, ningún motivo de peso para facelo. Pode que este tipo de premios o sexan, pero cando se trata do estudo, que esixe un traballo constante, é difícil que se consiga por outra cousa que non sexa un mesmo, por curiosidade intelectual ou

por afán de superación. Ao final acaba converténdose nun reto persoal, no que, coma en calquera deporte, canto máis positivos son os resultados do esforzo, máis gusta facelo e máis énfase se pon. A cuestión non é a intelixencia, senón saber dosificar a preguiza na xusta medida. Cando se consiga organizar o tempo máis ou menos equilibradamente, verase que o esforzo si vale a pena.

## Que é o mellor e o peor de Santiago: a universidade, estar fóra da casa...?

Que pregunta tan malévola! En principio, unha das vantaxes de ir estudar fóra é a “independencia”, que en parte é real, no que se refire á adquisición da habilidade de sobrevivir día a día sen a omnipresente protección paterna, pero que tamén ten moito de idealización preuniversitaria... O mesmo ocorre coa propia Universidade (que vai gañando cualidades máis terrenais en canto desaparece a súa aureola de misterio), ou Santiago en si... (en fin todas as boas excusas das que botar man cando se está na casa, para que non o chamen a un desleigado; sinceramente, Santiago está moi ben).



Aurora Ballesteros, un dos Premios Excelencia 2006, concedidos pola Xunta de Galicia



As profesoras do IES Ribeira do Louro, Aurora e Isabel, á beira da súa ex alumna

Os pais de Aurora Ballesteros coa súa filla

# Fallados os premios do Iº Concurso Matemático “AGUDIZA O ENXEÑO”

## REDACCIÓN

Durante este curso, o Departamento de Matemáticas do noso Instituto decidiu convocar un concurso co obxectivo de espallar a idea entre o alumnado de que as matemáticas poden ser tamén un pasatempo moi divertido.

M<sup>a</sup> Lorena Méndez Fandiño (2º BACH-B), Clara Pousa Romero (4º ESO-A), Verónica Rodríguez Pazo (2º ESO-C) e Judit Vila Collazo (2º ESO-C) foron as gañadoras deste concurso matemático “Agudiza o enxeño”, na súa primeira edición.



(Segue na páx. 29)

Alumnas gañadoras do I Concurso Matemático “Agudiza o enxeño”, acompañados polos profesores Ana Castro e Francisco Docampo

**Velaquí as cuestións formuladas para o Iº Concurso Matemático. Atrévete agora ti a agudizar o teu enxeño para resolvelas? (As solucións pódelas atopar na páx. 34)**

## A MEDIDA DO TEMPO

### A ESFERA DO RELOXO (1 punto)



Divide a esfera do reloxo en 6 partes de forma que a suma dos números de cada parte sexa sempre a mesma.




### A LÚA E O SOL (4 puntos)

O calendario Gregoriano considera un ano medio de 365 días, 5 horas, 49 minutos e 20 segundos. Cada canto tempo haberá que engadir un día para correxir o desfase?.




### RELOXOS DE AREA (2 puntos)



Cun reloxo de area de 7 minutos e outro de 11 minutos, cal é o método máis rápido para controlar a coción dun ovo que debe durar 15 minutos?

### AS AGULLAS DE RELOXO (5 puntos)

O 31 de decembro do 2005 cando o reloxo marcaba as 12 e tomabamos as uvas as agullas coincidían. Saberías dicir o momento exacto no que as agullas volveron a coincidir por primeira vez no ano 2006?



### QUE HORA É? (3 puntos)



Preguntada unha persoa pola hora, contestou:  
“O que queda do día é igual a sete veces a quinta parte das horas transcorridas”



# Unha lección de Prehistoria en Atapuerca

Alumnos e alumnas do IES Ribeira do Louro visitaron a Serra de Atapuerca, zona onde se ubica un dos xacementos arqueolóxicos máis importantes do mundo. Aquí atopáronse os restos humanos fósiles máis antigos en Europa, atribuídos á especie, de hai 800.000 anos, *Homo antecessor*. No ano 2000 o lugar foi declarado pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.

ARANTXA PEREIRO

O pasado 2 de decembro, os estudantes de bacharelato realizamos unha magnífica excursión a Atapuerca (Burgos) e puidemos así reencontrarnos cos nosos devanceiros, uns devanceiros cheos de astucia, valentía, forza e un instinto de supervivencia inmillorable.

A nosa aventura comezou ao redor das catro da tarde, que foi cando nos introducimos nestes camiños cheos de covas e fósiles, pero iso si, despois de protexermos cuns cascos.

A nosa primeira parada foi a chamada "sima do elefante", denominada así porque alí foron atopados restos deste mamífero de enormes orellas.

Abofé, o que máis me chamou a



Unha guía amosa unha réplica do cráneo do *Homo antecessor*. Á súa beira, un estudante do noso centro escoita a explicadeira con atención



Estudantes no obradoiro de arqueólogos de Atapuerca.

Na foto inferior vemos dúas rapazas buscando restos arqueolóxicos (ósos e ferramentas) nunha excavación simulada. Na imaxe superior podemos ollar como analizan eses restos

atención foi que a parede estaba chea de papeis con números, indicando as descubertas que se foron facendo; os distintos tons da terra, consonte a súa profundidade, sinalaban a menor ou maior antigüidade dos achados, segundo as explicacións da guía.

"A cova das gadoupadas do oso" foi a nosa segunda parada. Nesta rímonos moito, sobre todo cando a guía nos contou como e porque tiñan un nome tan senlleiro os seguintes obxectos atopados: en primeiro lugar, un cráneo ao que chamaron Miguelón, porque naquel ano Miguel Indurain gañara o

Tour de Francia. E en segundo lugar, unha pelve, coa peculiaridade de ser máis grande cás actuais, denominada "Elvis", xa que este era o rei dos bambeos desta parte anatómica humana.

Unha das cousas que máis me chamou a atención nesta parte da excursión foi o a intelixencia que posuían os nosos devanceiros, xa que na cova había un falso teito que utilizaban como trampa, co gallo de que os animais caíran dunha grande altura e así poder usalos como alimento; esta cova só era utilizada para cazar.

Na nosa terceira parada coñecemos o lugar en que foron atopados a parte dun cráneo, o ollo dereito e o maxilar dun neno de doce anos, o cal púidose identificar debido ao desgaste dos dentes. Grazas a isto podemos saber que tamén eran caníbales nas guerras para asustar aos seus contrincantes, pero sempre atacaban aos máis débiles, os cativos.



# Visita ao esteiro do Miño, o paraíso das aves

## REDACCIÓN

A pesar de que o tempo non acompañaba, os cursos de 3º da ESO realizaron a excursión ó baixo Miño, poñendo unha nota diferente á típica semana escolar.

Acompañados por Xulio e por María, iamos decididos, se o tempo o permitía, a coñecer un pouco mellor a riqueza da nosa flora e fauna nun lugar tan privilexiado como é a desembocadura do río Miño.

Logo de tres cuartos de hora de viaxe en autobús, chegamos a ANABAM (Asociación Naturalista do Baixo Miño) e fomos recibidos por Agustín Ferreira, representante deste centro ornitolóxico; despois dunha interesante charla verbo dos posibles avistamentos de aves acuáticas, dirixímonos en autobús ó primeiro lugar de observación. Cando por fin comezamos a práctica de observación, o ceo considerou que a nosa presenza alí non era grata e decidimos recoller o material e trasla-




Estudantes nunha das casetas de avistamento de aves



No centro ornitolóxico ANABAM



Imaxe do esteiro do Miño



*Aínda que o tempo non acompañaba, ninguén perdeu o sorriso*



darnos ás casetas de avistamento para refuxiarnos e continuar coa tarefa.

Neste novo emprazamento chegamos a distinguir algunhas das especies esperadas: ánades, garzas, algunhas aves limícolas como o chorlito e os andarríos, ...

Vendo que as condicións meteorolóxicas empeoraban, decidimos recoller. Tras un cuarto de hora de refrixerio nunha cafetería próxima, emprendemos a volta ó IES un pouco máis mollados que cando partimos, pero cun maior coñecemento da cercana riqueza ecolóxica que ignoramos e ás veces deterioramos.

## Visita a Atapuerca-continuación (vén da páx. 6)



Visita á catedral de Burgos



Profesoras e alumnos entrando na cidade de Burgos

A nosa última parada nestes territorios foi unha cova, equipada con pantallas, que nos resumiu a vida dos nosos devanceiros.

Despois de tirar o casco da cabeza, subimos na liña e fomos a outra parte de Burgos, onde nos permitiron practicar como arqueólo-

gos e nos ensinaron a investigar.

Por último, visitamos o museo, no que se podían contemplar as grandes descubertas que espertaban a curiosidade de todos os que pasaban por alí.

Ás doce da noite, unha vez ceados, diri-

xímonos ao hotel en que nos aloxabamos. No outro día visitamos a catedral gótica de Burgos e, logo dunha percorrido por esta cidade, despedímonos das súas rúas e das súas xentes.



## Visitar Valencia, unha experiencia para repetir

No mes de febreiro, os alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato Tecnolóxico realizaron unha estupenda viaxe á cidade de Valencia. O noso xornal tivo a sorte de poder acceder aos cadernos de viaxe dalgúns dos estudantes que participaron nesta excursión e que escribiron para a profesora María Xosé Iglesias. Velaquí uns retrincos dos seus textos.

ESTELA FERNÁNDEZ /  
MARÍA DOMÍNGUEZ /  
MIRIAM CARRERA /  
ÁLEX JACOBO /  
AARÓN LOSADA /  
ROBERTO FERNÁNDEZ /  
ALFONSO JOSÉ CONDE /

### Os preparativos

“Comezamos cos preparativos da viaxe máis ou menos a finais de outubro. Nós mesmos fomos os encargados de buscar o transporte, o aloxamento e tamén de pedir orzamentos nas axencias de viaxe; ou quizais fose máis xusto dicir que os encargados foron dúas persoas, Jandro e Nerea, que se ocuparon de todo e aos que lles temos que dar as grazas.

Logos de pedir os prezos, decidimos facer a viaxe no tren e aloxarnos no Albergue Xuvenil Cidade de Valencia, e coído que resultou bastante ben”. (E.F.)

### Os nervios da saída

“No canto de catro días, parecía como se a miña estadía fóra fose ser de dous ou tres meses. E todo porque na casa non están afeitos a verme via-xar” (M.D.)

“Todos estábamos inquedaos, con moitísimas maletas e cos nosos pais á beira. Pouco despois entramos para a zona onde estaban os trens; pasamos a equipaxe pola fita e metémonos no andén. Xa nos despedíramos das nosas familias; quen máis pena me daba era meu irmán: só ten oito anos e non quería que me fora. O tren abría a porta



Estudantes percorrendo a Cidade das Artes

para que subíramos, e, sorpresa!, ollamos para atrás e alí estaban outra vez os nosos pais; parecía que non nos quixesen deixar marchar”. (M.C.)

### No tren

“A noite no tren foi unha das cousas que máis me gustou. Reunímonos varios en cada cuarto e falabamos, xogabamos ás cartas, xuntabámonos no estreitísimo corredor, ou iamos ata a cafetaría do tren, a ver as súas instalacións. Esa noite case non durmín” (M.C.)

“Uns compañeiros e mais eu botamos unha partida ao tute, na cal ‘pulín’ a todos coa miña sabedoría, porque eles pensaban que estaban a xogar cun

calquera, e non cun profesional” (R.F.)

### A chegada

“Logo de pasar a noite toda viaxando, chegamos á estación de Chamartín en Madrid, aí polas 07.45 da mañá. Nesa mesma estación collemos un tren de proximidades para que nos levase a Atocha. Alí almorzamos e pouco despois apañamos o tren que finalmente nos había transportar ata a Estación do Norte de Valencia, nunha viaxe dunhas catro horas”. (E.F.)

### Mercado Central

“A primeira visita realizámola ao Mercado Central, un edificio que chama a atención

pola súa beleza, malia tratarse dun mercado. Nel sobrancean as múltiples e grandes vidreiras que alumean todo o seu interior”. (E.F.)

“A titora foinos explicando todo o que iamos vendo. É un sitio precioso, enorme e con moita luz. Alí había moitísimos postos, con xente vendendo todo tipo de produtos. Nós mercamos abelás, revoltos, noces peladas..., e que, por certo, estaban riquísimas”. (M.C.)

### Os edificios da cidade

“Gustaríame falar do aspecto de moitos edificios, edificios antigos que reflectían o estilo barroco e renacentista, por unha banda e, pola outra, o estilo modernista e contemporáneo. Chamoume a atención que algunhas fachadas eran mixtas, é dicir, mantiñan ambos estilos. Víase que os balcóns, por exemplo, foran restaurados, mentres que os seus adornos eran propios doutros séculos”. (M.D.)

### Museo de Belas Artes

“No museo vimos creacións espectaculares, entre elas: obras de Soroya, Velázquez, Goya, Van Eyck, O Bosco, O Greco, Josep Rivera, Benlliure, Vicente López... E fomos anotando todo canto o guía nos dicía” (A.J.C.)

### Museo Cidade de Valencia

Para trasladarnos ata aquí, partimos da estación do metro deseñada polo coñecido arquitecto Santiago Calatrava e situada mesmo debaixo da ponte 9 de Outubro, tamén dese arquitecto. (E.F.)

“O museo estaba relacionado coa historia de Valencia: como era na súa orixe e como foi evoluíndo. Cando chegamos xa non estaba o noso guía e unha rapaza das que traballaba alí explicounos algo, pero moi por riba; o resto dixéronnolo os profesores ou liámolo nós, pois estaba todo moi ben explicado, con rótulos ou mediante vídeos e audicións.” (M.C.)

### A Cidade das Artes e as Ciencias

“O primeiro que vimos foi o ‘Palau de les Arts’, un edificio enorme cunha especie de pluma xigante que o cruza por riba, destinado a actividades musicais. Tan pronto o vimos, coído que todos quedamos abraídos.



Alumnos e profesores na súa chegada á estación de Valencia



A medida que fomos camiñando, comezamos a ver o resto desta cidade e empezamos a facer fotos porque o lugar pagaba a pena: aqueles edificios espectaculares rodeados todos eles por unha especie de piscina enorme; toda aquela auga dáballe un toque especial a aquel lugar” (E.F.)

“Comezamos a visita polo Oceanográfico, un acuario enorme con especies marítimas de todos os tipos: belugas, morsas, golfinhos, quenllas, pingüíns, leóns mariños e moitas máis. É increíble a morea de especies que hai nos nosos mares e océanos”. (E.F.)

“Puidemos ver como os buzos se mergullaban e daban de comer aos peixes. Unha vez fóra, vimos como as focas se tiraban a comer o peixe que lles daban. Despois entramos nunha especie de invernadoiro, con plantas e paxaros revoando ao noso redor” (M.C.)

“Logo acudimos ao ‘Museo de les Ciencias Príncipe Felipe’. Este é do estilo da Domus da Coruña, pero moitísimo máis grande. Todas as experiencias que había ao longo do museo eran moi interesantes e entretidas, pero as mellores foron a da extirpación dun ollo de porco para ver todas as partes (cristalino, córnea, iris, nervio óptico, etc.) e tamén a da cadeira xiratoria, á que subiron tres dos nosos compañeiros. Noutro andar deste edificio había unha exposición enorme de diversos temas: parques naturais, insectos, arte, etc”. (E.F.)

“Ao saírmos deste edificio, visitamos o Hemistéric, no que íamos ver a película ‘Misterios do Nilo’, pero como chegamos tarde tivemos que ver ‘A aventura de Shackleton’, un home que pretendía chegar en barco ao Polo Norte pero, coa chegada do inverno, o xeo atrapounos e sen barco tivo que apañarse como puido, co resto dos seus homes, para sobrevivir e conseguir axuda. Pero o máis interesante non foi a película senón como a vivimos. A pantalla é unha semicircunferencia que rodea todos os asentos e iso fai que, sen ser un cine 3D, te sintas coma se estiveses ti mesmo

na propia película. É abraiante”. (E.F.)

### Com&Do Zulú

“Fomos a un concerto deste grupo de rock. O grupo non é que estivese moi ben, mais pasámolo xenial e o que si nos quedou, e non sei por que, foi unha canción das que cantaron: ‘Un oso polar’; sería o repetitiva e pegadiza que era”. (E.F.)

“O que máis me gustou deste sitio foi ver bailar os profesores, amosando o seu lado máis gamberro. Foi boísimo” (A.L.)

“Eu estaba un poco incómodo nesa actuación, xa que o tipo de música non era dos meus favoritos, e tiñamos que estar moito tempo de pé sen poder dicir nada, xa que apenas nos oíamos”. (A.J.)

### Instituto Valenciano de Arte Moderna (IVAM)

“Neste centro vimos dúas exposicións, unha do pintor Pinazo e outra do artista contemporáneo José Sanleón. Na primeira exposición puidemos ver basicamente os bocetos e mais os cadros finais que representaban escenas da vida cotiá popular, mentres que na segunda, as obras eran totalmente diferentes pero non menos interesantes, aínda que teño que afirmar que nos custaba bastante saber qué quería dicirnos o autor con cada obra; xeralmente, tiñanolo que explicar a guía, porque, con sinceridade, non tiñamos nin idea”. (E.F.)

### A Lonxa

“Era dunha feitura moi interesante, xa que antigamente era a lonxa da cidade pero agora estaba destinada para presentar exposicións. A que vimos era moi variada, aínda que predominaban os elementos arquitectónicos”. (E.F.)

### A catedral

“Non puidemos vela ben, xa que debido a uns achados que realizaran nela, cobraban entrada. Con todo, dende un espazo que deixaban na entrada, a profesora foinos explicando todo polo miúdo e resolvendo todas as nosas dúbidas”. (E.F.)

### Museo Fallero

“Esta visita estivo moi ben, porque nel estaban expostas unhas pequenas pezas das fallas gañadoras de todos os anos nas festas máis importantes de Valencia, As Fallas. Eran pezas con moito humor, colorido e á vez con moita crítica á sociedade do momento. Eran preciosas e requerían moito traballo e adicación, xa que representaban ata o máis mínimo miudallo”. (E.F.)

“As fallas estaban moi logradas e tiramos moitas fotos. Despois, ao saírmos, vimos un cartel que prohibía tirar fotos, e aínda vimos un pouco” (A.L.)

### A anécdota

“O último día, mentres collíamos o bus, a profesora deixou abraiada a xente, ao ter unha conversa con algunhas das súas alumnas que moi doadamente se podía malinterpretar e que era o que a xente facía: as alumnas pedíanlle un boneco que daba masaxes ao facer vibrar as patas, e a profe referíase a el como vibrador, dicindo entre outras cousas: ‘Non vos poñades pesadas porque non vos vou deixar o meu vibrador’” (R.F.)

### A choiva

“E Valencia..., moito clima mediterráneo, pero ben que chovía..., o mesmo que aquí” (R.F.)

### A desculpa

“Non sei se era porque estamos un pouco tolos ou polo feito de que entre os miles de persoas que nos rodeaban non había nin unha soa que nos coñecese, pero o certo é que por onde pasabamos os galegos, notábase. Dabamos o cante en calquera lugar e todo o mundo se quedaba mirando. Quero agradecer aos profesores a súa adicación e paciencia connosco, e a súa comprensión co entusiasmo salvaxe que ás veces nos caracteriza á xente nova” (A.L.)

### De novo, na casa

“Voltamos a Vigo catro días despois de partir. Alí os meus pais agardábanme. Por uns intres, sentínme importante, coma Ronaldinho ou outro xogador, que ao chegar é recibido por un grupo de adolescentes que pelexan por conseguir un autógrafo seu. Por fin estabamos na casa; agora era unha raíña na miña propia habitación, para min soa, rodeada de todas as miñas cousas.” (M.D.)



Velaquí un golfinho no Oceanográfico



Visita ao Mercado Central



“No Museo de Belas Artes estreamos o caderniño que a profesora nos mandara mercar, para apuntar cousas importantes do que dixera o guía”. (R.F.)



Pintura no Museo de Belas Artes



Sinalando dous edificios senlleiros, para un proxecto de intervención nun espazo urbano



Belida imaxe da antiga lonxa da cidade, hoxe transformada en centro de exposicións



# De Vincios a Finlandia

As bolsas Erasmus permiten aos nosos universitarios completar os seus estudos noutras universidades europeas. O noso xornal quixo estar cunha rapaza de Gondomar, beneficiada deste programa e enxeñeira en telecomunicacións, para aprendermos algo máis dun país fascinante, Finlandia.

MILA FERNÁNDEZ /

Ás sete da tarde dun 8 de xaneiro, Esther chegaba ao aeroporto de Oulu, en Finlandia. Era noite e quedábanlle por diante moitas horas seguidas de escuridade. Un mes máis tarde, o ceo comezaría a clarexar un pouquiño máis cada día. En agosto, cando chegou o intre de voltar a España, a claridade permanecía case as vinte e catro horas do día.

Pero non foi só a iso ao que tivo que afacerse. Na súa vivenda non podía haber máis mestura, xa que a compartía cunha alemá, unha grega e unha romanesa. As catro terían que lidar cos costumes da terra do Papa Noel.

Resultaba moi raro tomar o xantar ás once da mañá, cear ás catro da tarde e convivir con temperaturas de ata vinte grados baixo cero.

Esther estaba en Finlandia cunha bolsa de Erasmus e elixira ese país porque lle gustaba o frío; dende logo, frío non lle faltou. Lembra como ía mercar a un mercadiño posto sobre un lago xeadado. No inverno tamén se xea o mar converténdose en estradas por onde rodan os coches con toda normalidade.



Catedral neoclásica de Helsinki



Paisaxe fina característica. En Finlandia hai preto de 200.000 lagos

A comida é algo que tampouco pode esquecer, sobre todo as ensaladas sen aliño, cousa que lle arranxaron os seus pais mandándolle aceite e vinagre. O resto do menú era moi monótono: case sempre pasta ou pataca cocida, iso si, sempre acompañadas dunha gran variedade de salsas. O máis saboroso era a carne de reno; preparábana de moitos xeitos aínda que a máis común é como embutido. Cortábana en talladas e comíase cunhas tortiñas de pan, o mesmo có salmón. De beber, cervexa, aínda que de non moi boa calidade.

Na universidade tamén había importantes diferenzas. A máis grande, sen dúbida, o carácter extremadamente serio e reservado dos finlandeses. Aquilo non se parecía nada aos buliciosos corredores do Cuvi. “Afíxenme a falar coa voz moi baixa para non desentoar”, di ela. No entanto, unha vez feita amizade co resto dos estudantes, decatouse de que eran xente moi xeitosa.

O chamado “país dun milleiro de lagos” (máis de 190.000), ten unha paisaxe paradisíaca, cos seus innumerables bosques e espellos de auga. As máis das casas están feitas de madeira, pois as baixísimas temperaturas estralarían a pedra. Aínda que tamén hai edificios de moi moderna arquitectura, todos eles ben illados contra o frío de fóra... A sauna, tida en conta como fonte de pracer e relax, non falta en ningún

fogar.

Esther, hoxe enxeñeira de telecomunicacións, interesouse de xeito moi especial pola factoría finlandesa Nokia, o maior fabricante do mundo de teléfonos móbiles. Conta, como curiosidade, os pouquísimos teléfonos fixos que había, debido a que as liñas desbaratábanse deseguido pola adversa meteoroloxía. Finés é tamén Linux Towards, o inventor do sistema operativo Linux, hoxe o máis grande competidor de Windows.

A miña amiga deixou a limpa e ordena-



Cría de renos na Laponia fina

da Finlandia en agosto do 2004, coa pena de non ter podido subir ao extremo máis norte do país: Laponia. “Gustaríame coñecer a sensación de ter toda a Europa ás miñas costas e contemplar a aurora boreal máis fermosa do mundo”.

KUSMIRAH KUSMIRAH /

**Cal foi a razón que te levou a saír do teu país?**

-Buscar unha vida mellor. Naquel momento tiven a oportunidade de vir, xa que me ofreceron un traballo.

**Por que escolliches Galiza?**

-Galiza é un lugar precioso e marabilloso. Coñecino grazas á miña amiga, que me ensinou o seu encanto. Pero, por suposto, para mellorar a miña calidade de vida.

**Como é o lugar no que naciches?**

-É un pequeno pobo situado na Illa Xava, concretamente en Wangon ( Xava Centro).

En Wangon temos moitos arrozais, que é a base da nosa economía e alimentación. Existen preciosas fervezas de auga branca e cristalina. As casas son de bambú. O medio de transporte maioritario é a moto. A uns kilómetros temos preciosas praias coma Cilacap (no Océano Índico). En xeral a Illa Xava posúe montañas volcánicas, variedades de aves, vexetación natural e climatoloxía tropical.

**Na túa opinión, que tal o fan os gobernantes de Indonesia?**

-Dende o meu punto de vista, o traballo dos gobernantes indonesios ata agora é lento e escaso. As necesidades básicas do meu pobo non se ven cubertas cos anos e as desigualdades sociais seguen existindo na actualidade.

**Está ben repartida a riqueza?**

-Non, os ricos son moi ricos e os pobres son moi pobres. Non hai clase social media e non existe axuda de ningún tipo por parte das administracións.

**Cales son os principios problemas? De que se queixa a xente máis?**

-Un problema xeral é o escaso traballo, tanto no campo coma na cidade. Existe unha

## MULTICULTURALISMO NO IES RIBEIRA DO LOURO

*No noso centro temos a sorte de poder arriquecernos con rapaces e rapazas nados en terras moi distintas de Galiza. Kusmirah Kusmirah, indonesia, e Mohamed Lahcen, saharauí, son dous deses casos.*



*A alumna Kusmirah amosa sorrinte o lugar en que naceu*

grande explotación laboral, cada vez máis controlada polas mafias. Outro problema é o sanitario, non existe atención sanitaria primaria gratuita como en España. Moitas veces, élíxese morrer na casa por non poder pagar o médico. Por último os estudos. Quén non ten cartos, non pode estudar.

**Como é a túa vida alá nun día normal da semana?**

-Vivía na capital, Iakarta, compartía casa con dúas persoas. Traballaba na fábrica de confección de luns a sábado, dende as sete da mañan ata as tres da tarde e o resto do día pasábao na casa traballando. Nalgunha data especial ou unha

vez ó mes ía ó pobo a visitar a miña familia.

**Que diferenzas máis importantes atopas na forma de vivir de alá respecto da de Galiza?**

-A principal diferenza que atopo sería a amabilidade e cariño da xente, a súa capacidade de axudar, sobre todo ós que vimos de fóra. Tamén a comida é moi diferente, os pratos típicos galegos son abundantes e riquísimos.

**A que che custou adaptarte máis?**

-Á lingua galega, quizais, porque a xente, na rúa, fálame en galego e aínda que tento contestar en galego resúltame moi difícil.

**Que cousas prefires da vida de alá e que cousas da vida de aquí?**

-En Indonesia está a miña familia, por tanto é algo que sempre quereirei ter do meu país, e aquí teño un gran cariño das persoas que sei que sempre están ó meu lado dende o principio, e espero que non cambie. A atención cara min faime feliz.

**Atopas moitos diferenzas na forma de ser dos galegos respecto da dos indonesios? Que virtudes e defectos salientarias?**

-O maior defecto dos indonesios é que son moi machistas (os mozos queren casar con mulleres virxes; búrllanse cando un é pobre). Como virtude dos indonesios destacaríao o seu respecto cara a xente maior. Dos galegos destacaríao o seu carácter cariñoso aínda que ó principio son un pouco reservados (unha vez que os coñeces vólvense abertos e divertidos, agradables, e simpáticos, botan unha man a quen o necesita). Como defecto sinalaría o seu mal hábito de falar con tacos (aínda que, por sorte, sempre me atopo con excepcións)

**Podías falarnos da vida cultural en Indonesia, é dicir, dalgún escritor que che guste e que consideres que debemos coñecer, un grupo musical, un director de cine...?**

-Destacaríao un escritor, filólogo e poeta chamado Chairil Anwar, moi popular polos seus escritos en Indonesia. Tamén cabe destacar a Mila Karmila, escritora de novelas. O meu grupo musical preferido é 3Diva e os seus cantantes Titi Dwi Jayanti, Ruth Sahanaya e Krisdayanti. Por último tamén son seguidora de Anggun C. Sasmi, cantante indonesia con certo "prestixio" internacional. Os directores de cine máis importante son Raam Punjabi e Rano Karno (aínda que ó vivir en Galicia é imposible que poida seguir os seus últimos traballos).


**Como se di en indonesio "Graciñas"**

-Terima kasih.

MOHAMED LAHCEN

"Os nenos saharauís que cursan secundaria, realizan os seus estudos en Cuba, Libia ou Alxeria. Pero eu, cando ía ir a Cuba, saíume o visado para España e preferín vir aquí, xa que antes viña a pasar vacacións de verán e coñecía boa xente".

"O principal problema do Sáhara é o derivado da mala descolonización española da ocupación marroquí".



*Mohamed, saharauí de nación, sinala no mapa a cidade de Tinduf, en Alxeria*

"Coido que os lazos familiares entre os saharauís son máis fortes ca entre os galegos".

"Unha das cousas que máis me gusta de Galiza é a súa xeografía, os seus montes e árbores".

"O grupo musical saharauí máis famoso son os Martiles del Luali, que hai pouco fixeron unha xira por Latinoamérica".

"En árabe 'Beizóns ou Grazas' dise 'Xucran'"

# O Departamento de Orientación, un servizo de axuda a profesores e estudantes

Nos centros educativos existe un Departamento de Orientación que xoga un papel importante á hora de contribuír á mellora na calidade da educación. O do noso Instituto, integrado este ano, por certo, exclusivamente por mulleres, está constituído polas seguintes profesionais: a Xefa do Departamento (Asunción Teixeira), as dúas profesoras de PT (Pedagogía Terapéutica): Ana Perdiguero e Carme Arnaiz; a profesora de F.O.L (Formación e Orientación Laboral): Anxos González; a profesora da Área Sociolingüística (M<sup>a</sup> Xesús Bahillo), e mais a profesora da Área Científico-Técnica (M<sup>a</sup> Luisa Tenreiro). Todas elas nos abriron xentilmente as portas do Departamento, para nos responderen a algunhas cuestións.



CINTIA CARPINTERO /  
DOUGLAS PAPA MARTINS

## Cal é a función do Departamento de Orientación nun centro educativo?

Esa pregunta esixe unha resposta longa. A nosa finalidade, por unha banda, é apoiar o proceso de “ensino-aprendizaxe”, o que inclúe atender a alumnos, avalialos, apoiar e asesorar o profesorado e mais asistir ás avaliacións para asesorar.

Por outra banda, dentro do chamdo “Plan de acción tutorial”, elaboramos propostas e achegamos soporte técnico para cubrir os temas que cómpre tratar na hora semanal que na ESO se adica á tutoría.

O terceiro ámbito de actuación sería o “Plan de orientación académico-profesional”, mediante o que nos encargamos de informar os alumnos respecto das súas opcións de futuro, tanto no que respecta á continuación dos seus estudos, como o que ten que ver coa inserción laboral, ámbito específico este último da profesora de FOL.

E, para rematar, podemos dicir que o Departamento de Orientación promove tamén a cooperación familia-escola e serve de enlace coas institucións externas ao centro: servizos sociais do Concello, sistema sanitario, outros centros educativos (centros de primaria adscritos, universidades...), orientadores laborais da Consellería de Traballo, etc.

## Veñen moitos alumnos a consultar temas coa Orientadora?

Veñen bastantes, sobre todo no terceiro trimestre, cando por exemplo os alumnos que rematan 4º da ESO e 2º de Bacharelato desexan saber as opcións que teñen. Pero tamén acoden aquí ao longo do curso algúns estudantes para tratar temas persoais, algunha dificultade académica, algún problema con algún profesor, etc.

## Pensades vós que debería haber máis información sobre a existencia deste servizo para o estudante?

Coidamos que, tal e como o temos establecido, está bastante ben, porque cada principio de curso transmitímoslles a todos os titores que lles informen aos seus respectivos alumnos da existencia do Departamento de Orientación, e a Orientadora e mais as profesoras de Pedagogía Terapéutica están xunto cos titores na presentación dos cursos. Amais, entregamos unha folla na que aparecen os nomes de todos os compañeiros do Departamento de Orientación e tamén indicamos aí que os xoves, no tempo de lecer (de 11.15 h ata 11.45 h), a Orientadora está expresamente no despacho para posibles consultas.

## Que lle pode recomendar a Orientadora a un alumno ou alumna que queira mellorar o seu rendemento académico?

En primeiro lugar, intentaría coñecer ben o alumno para ver como é; faríalle unha pequena entrevista diagnóstica coa

finalidade de coñecer como é na casa, como estuda, como se organiza... Isto pode levar máis ou menos unha hora. A partir de aí, pasaría ás recomendacións: novos métodos de traballo, actitude na aula..., o que xa leva máis tempo.

## Que porcentaxe de alumnos non remata a ESO?

Ese dato estatístico non o temos, pero coidamos que é semellante ao doutros centros galegos.

## Os estudantes que non rematan a ESO, que saídas teñen?

Poden facer un PGS (Programa de Garantía Social); a ESA (Educación Secundaria de Adultos), sempre que teñan un contrato de traballo, se non terían que agardar ata os 18 anos; realizar cursos de Formación Ocupacional, xa á marxe do sistema educativo regrado e dependendo da Consellería de Traballo. Amais, con 17 anos poderían facer o exame de acceso a ciclos formativos de grao medio, ou a proba libre para a obtención do título da ESO.

## En que consiste o Programa de Garantía Social?

É aquel enfocado a que o alumno aprenda un oficio. Combina materias da área básica (lingua, matemáticas...), con outras prácticas. Cómpre saber que na parte práctica dos PGS existen dúas modalidades:

a) Aquela na que os estudantes fan as prácticas dentro da propia empresa dende o come-

zo do curso. Por exemplo, no IES Ribeira do Louro existe un PGS de operario de soldadura e mais un PGS de auxiliar de informática, nos que os alumnos veñen ao instituto tres días na semana, para recibir unha formación teórica básica, e os outros dous días van a diversas empresas colaboradoras a facer as prácticas.

b) Aquela na que os rapaces e rapazas reciben tamén, durante case todo o curso, a formación práctica no propio centro, a través dun profesor técnico específico na materia. Pero, aínda así, no último mes do curso adoitan facer prácticas nunha empresa. Por exemplo, o noso centro dispón desta modalidade en horario de tarde para as especialidades de comercio e de perruquería.

## En que se pode estudar a distancia en Galiza?

Na actualidade ofértase o seguinte: -Educación Secundaria para Adultos, en oito centros EPA. -Bacharelato, nas modalidades de “Humanidades e Ciencias Sociais” e “Ciencias da Natureza e da Saúde”. Coordina estas ensinanzas o IES San Clemente, de Santiago, e colaboran seis centros EPA. -Aulas Mentor: oferta de cursos non regrados a través de Internet e en colaboración co Ministerio de Educación y Ciencia. -Curso de inglés That’s English, para o que hai que matricularse nas escolas oficiais de idiomas das capitais de provincia. (Toda a información sobre “educación para adultos presencial e a distancia pódese consultar no enderezo: [www.edu.xunta.es/ea](http://www.edu.xunta.es/ea))

(Segue na páx. 18)

# “A maioría dos alumnos que estudan Administrativo no noso centro atopan traballo”

No IES Ribeira do Louro pódense estudar, entre outros, dous ciclos formativos pertencentes á familia profesional de Administrativo: o Ciclo Medio de Xestión Administrativa e mais o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. Para coñecermos algo máis destas opcións que se lles ofrecen aos nosos estudantes, dous profesores do departamento implicado, M<sup>o</sup> Sol Mouzo e Laureano Girón, concedéronnos moi amablemente esta entrevista.



OLALLA FERNÁNDEZ /  
JÉNIFER ÁLVAREZ / LUCÍA  
ALONSO

## Que se estuda nestes ciclos?

As materias impartidas buscan os seguintes obxectivos:

Primeiro, que o estudante sexa quen de elaborar todo tipo de documentación utilizada polas empresas: pedimentos, albaráns, facturas, documentos de pagamento, nóminas, cartas comerciais, liquidación de impostos, etc.

Segundo, que os alumnos e alumnas poidan manexar con destreza os medios e equipos de oficina (ordenadores, máquinas de escribir, escáner...) para elaborar a devandita documentación empresarial.

Terceiro, que se afagan á utilización do teléfono na empresa, mediante a simulación e escenificación de comunicacións orais (chamadas de clientes, atención de provedores, etc.).

E, por último, que poidan contabilizar as operacións de carácter económico da empresa.

## Canto duran?

O CM de Xestión Administrativa comprende un só curso académico, pero os alumnos teñen 2 anos para sacar o título. Por outra banda, o CS de Administración e Finanzas abrangue dous cursos, mais os alumnos dispoñen de 3 anos para obter a súa titulación.

## Cales son as súas saídas profesionais?

Estes estudos habilitan para traballar como Técnico ou Técnico

Superior nas oficinas dunha empresa de calquera perfil, na Administración Pública, nunha asesoría, nunha academia impartindo clases, etc.

## Dos alumnos do ano pasado, cantos teñen traballo?

Unha boa porcentaxe deles están xa a traballar, tanto nun ciclo coma noutro.

## Que se precisa para cursar estes ciclos?

Pódese acceder ao ciclo medio mediante o título da ESO, e ao de ciclo superior, se se remata o Bacharelato. Amais, existen probas específicas de acceso directo.

## Que tal é o nivel deste centro?

Coidamos que é bastante alto. Unha clara indicación do que dicimos é que cada ano se matriculan en calquera dos dous ciclos unha media de 25 alumnos, o que significa a existencia dunha moi importante demanda, sobre todo se a comparamos coa doutros centros do noso contorno. Non hai que esquecer que as empresas nas que os nosos rapaces e rapazas fan as prácticas quedan enormemente contentas da formación que amosan os alumnos que estudan aquí.

## Hai horario nocturno?

Nestes intres non, aínda que o noso

centro dispón de Educación de Adultos e sería perfectamente factible pensar nesa posibilidade.

## Cantos alumnos chegaron doutros institutos?

Pois se cadra máis cós que estudaron aquí a ESO ou o Bacharelato. O certo é que temos moitos alumnos de fóra: de Pontearreas, Salceda, Mos, Tomiño, Tui, etc.

## Cal é o nivel de coñecementos con que os alumnos acceden ao ciclo?

O nivel é satisfactorio, aínda que ás veces fallan no cálculo numérico e na ortografía. Sempre lles dicimos aos nosos estudantes que para seren bos administrativos deben saber escribir correctamente e teñen

que poder realizar mentalmente certas operacións matemáticas sen o uso e abuso da calculadora. Por iso é tan importante que os rapaces aproveiten as ensinanzas dos seus profesores durante a ESO.

## Os estudantes están tranquilos no ciclo, ou séntense nerviosos pola posibilidade de non poder sacalo?

Non; en xeral, non están inquietos. Eles saben que se poñen da súa parte un chisco de esforzo e vontade, ao final atinxen o éxito académico; saben tamén que cando xorden dificultades sempre poden contar co apoio dos profesores, que para iso estamos, para axudar. Por iso son poucos os que abandonan e a maioría remata o ciclo, aínda que algún teña que repetir un curso.



Estudantes e profesores dos ciclos de Administrativo



# “Case todos os alumnos que cursaron Electricidade e Electrónica teñen traballo”

Dentro dos estudos orientados especificamente á inserción laboral, o IES Ribeira do Louro ofrece tamén outra opción moi atractiva, aquela que abrangue as ensinanzas pertencentes á familia profesional de Electricidade e Electrónica. En concreto, no noso centro pódese cursar un ciclo de grao medio, Equipos electrónicos de consumo, e outro de grao superior, Sistemas de telecomunicacións e informáticos. Para falarnos destas interesantes opcións, o noso xornal contou coa sempre atenta colaboración de dous dos profesores do departamento implicado, Xosé Manuel Cortizo e Antonio Méndez.



JUNIOR MANUEL /  
SHEILA FEIJOO /  
MIRIAM JUSTE

## Que materias se imparten nestes ciclos e cal é o seu contido?

No de grao medio, impártense módulos encamiñados a instalar e manter equipos electrónicos de son, de TV e vídeo, de equipos electrónicos microinformáticos e terminais de telecomunicación.

No de grao superior, o obxectivo é que os alumnos e alumnas teñan capacidade para configurar, implantar e manter sistemas de telefonía, radio e televisión, sistemas informáticos monousuario e multiusuario, e sistemas telemáticos; así mesmo, deben saber organizar, xestionar e controlar a execución e o mantemento dos sistemas de telecomunicación e informáticos.

Amais, nos dous ciclos ensínase como realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.

## En que sectores se pode traballar?

Os de grao medio poden traballar de técnico de orde-

nadores e equipos telefónicos e telemáticos, e tamén de técnico reparador e instalador de equipos de son, receptores de radio e TV.

Os de grao superior poden atopar emprego como técnico en sistemas informáticos monousuario e multiusuario, en sistemas multimedia, en telefonía e mais en instalación e mantemento de redes locais e telemática.

## Cantos anos leva sacar os títulos?

Dous anos cada un deles.

## Os alumnos que obtiveron o título o curso pasado, están xa traballando?

Si, e os que non están a traballar atópanse na universidade.

## Pódenos falar do material co que contan para impar-

## tir as súas clases?

Non é por presumir, pero este centro é un dos mellor equipados da provincia.

## As clases son exclusivamente diurnas, ou tamén existe horario nocturno?

Nestes intre contamos só con horario diurno. Durante o curso pasado quixemos ter horario nocturno, pero non contamos con suficientes rapaces matriculados.

## Supoñamos que un alumno remata calquera destes dous ciclos e é contratado por unha empresa: que salario pode percibir, de media?

Iso depende de moitas circunstancias, pero para que vos fagades unha idea podemos dicirvos que unha alumno noso do ano pasado que foi contratado pola empresa R, está a cobrar 1200 € ao mes.



Estudantes e profesores dos ciclos de Electricidade e Electrónica

# Aprender das persoas con discapacidade

Durante este curso un grupo do noso instituto visitou as instalacións de ACEESCA. O centro desta asociación, financiado pola Xunta de Galicia, foi fundado en 1983 e atende actualmente a 83 persoas, das cales 30 son de educación especial. Aquí podemos atopar persoas con síndrome de Down, con síndrome de West, con síndrome de Aicardi, con autismo ou con retraso madurativo. *Órbita* desprazou ata alí a unha das súas reporteiras.



*Un dos rapaces do centro de ACEESCA recibindo unha postal de nadal realizada polo alumnado nas clases de plástica do IES Ribeira do Louro*

## ELIANA DOS ANJOS ALONSO

O 14 de decembro os cursos de 4º da ESO fomos a ACEESCA, onde estivemos mirando as súas instalacións e coñecendo de primeira man as actividades levadas a cabo polas persoas con discapacidade que aquí están, así coma o labor dos profesionais e voluntarios que axudan a todos os internos do centro.

As súas instalacións son amplas e axeitadas para todos os discapacitados intelectuais e físicos, pois consta dos seguintes servizos: Centro de Educación Especial, Centro Ocupacional, Servizo de Axuste Persoal e Social, Servizo de Logopedia, Psicoloxía, Fisioterapia, Transporte, Piscina Terapéutica, Comedor, etc. Grazas a todo isto, e sobre todo ós profesionais e voluntarios, estas persoas están ben atendidas e coído que as súas familias se han sentir moi agradecidas, xa que o máximo obxectivo deste centro é a integración plena dos discapacitados na sociedade.

A miña visita ó lugar abraioume e debo dicir que me emocionou comprobar como estes rapaces agracen unha simple postal moito máis que se non tivesen ningunha discapacidade. A verdade é que resulta un paradoxo e unha experiencia que lle recomendo a toda persoa.

O noso percorrido foi o seguinte: primeiro a traballadora social explicounos como estaba estruturado o centro e despois visitamos cada un dos lugares que había, nos que puidemos ver a persoas de todas as idades realizando as súas diferentes tarefas.

Dende aquí queremos darlle os parabéns a ACEESCA e agradecerlle os 24 anos que leva xa prestando un marabilloso servizo á nosa sociedade.



*Talleres do Centro Ocupacional*



*Outro dos estudantes de ACEESCA recibindo unha felicitación do nadal*



*Velaquí dúas imaxes das clases de educación especial impartidas en ACEESCA*



Entrevista á Presidenta da Asociación Autistas de Vigo

## “Levamos seis anos traballando para que se constrúa un Centro de Asistencia Permanente para persoas autistas”

Un equipo de reporteiros de *Órbita* desprazouse a Vigo para lle realizar unha entrevista a Xosefa Rodríguez Cara, Presidenta da Asociación Autistas de Vigo. Con ela e mais coa traballadora social da Asociación, Uxía Nesta Santo, aprenderon moito sobre este trastorno psicolóxico. O problema que máis lles preocupa ás nais e pais da Asociación é a ausencia de centros especializados; por iso a súa organización traballa para construír un en Gondomar.

MARÍA XOSÉ PÉREZ /  
SILVIA GONZÁLEZ /  
DAVID SUÁREZ /

### Que é o autismo? Como é o comportamento dunha persoa autista?

O autismo é un conxunto de trastornos constantes da persoa. Os autistas teñen un comportamento socialmente diferente ó que temos calquera de nós. A súa forma de actuar é moi senlleira, facendo aquilo que lles peta en cada intre, sen pensar se está ben feito ou non, se é correcto ou non o é.

Vouvos pór un exemplo para que o entendades mellor. Eu convidovos a tomar un café na miña casa, e está o meu fillo pequeno sentado facendo calquera cousa: escribindo, debuxando... Pois ben, vós non saberíades que ten un problema, en absoluto. Agora, se vós vedes un rapaz de trinta anos collendo papeliños, metendo cabichas na boca, etc., decatariadesvos de que non é un comportamento normal perante a sociedade.

A xente pódelle facer graza o seu comportamento porque fan cousas diferentes e que aparentemente non teñen sentido.

### É a vida dun autista tan rutineira como a que aparece nas películas?

Si, é rutineira. De feito posúen determinados rituais para facer calquera acción e antes de levala a cabo proceden con ese ritual. Pero cada un é totalmente diferente: coma nós, uns son máis dóciles; outros, máis difíciles, etc.

Nas películas refléctese boa parte de como

é a vida dun autista, pero non son tan intelixentes, aínda que teñen unha gran memoria. Algúns deles, nunha porcentaxe moi alta, son capaces de escribiren e leren; en troques, outros actúan verbalmente sen que teña ningún sentido o que falan. Adoitan ser moi repetitivos e non son capaces de asimilaren o que lles dis.

Realmente non sei o que lles ocorre; pódoslles facer unha pregunta e obter ou non resposta. Para min teñen algo que todos deberíamos aprender, e é que non andan con rodeos.


Son de poucas palabras, non dan explicacións e só falan para dicir si, se é si, ou non, se é non.

### Coidas que o autista, ó seu xeito, é quen de expresar todos os seus sentimentos?

Si, por suposto. Se cadra non falando, pero unha persoa con autismo expresa o que sente co comportamento, cos xestos, coa mirada, cun sorriso ou simplemente patalexando.

Son coma meniños no berce, ti non sabes o que che queren dicir, pero inténtalos comprender. Co neno autista ocorre o mesmo. Disque son persoas moi frías, que non senten dor, pero non é certo: son moi agarimosos e ó mínimo golpe que leven quéixanse por moi pequeno que sexa.

Se o autista se atopa nun estado de estrés alto, porque ti non es quen de comprender o que che quere dicir ou lle obrigas a facer algo que el nese intre non desexa, pode chegar a tronzar un dedo e nese intre



Xosefa Rodríguez Cara, Presidenta da Asociación Autistas de Vigo

non decatarse de que o tronzou, dado ese estado de estrés no que se atopa.

### Como é o seu aspecto físico?

O seu aspecto físico é moi normal, mesmo diríavos que son máis atractivos ca nós; francamente, son fermosos. Os trazos físicos non varían respecto das persoas sen autismo, a non ser que teñan un retraso mental moi acentuado. No xeito de andar e na expresión da cara é onde se pode detectar algunha diferenza.

### Como hai que comportarse cunha persoa autista?

Igual que cunha persoa normal, tendo en conta a capacidade de cada un. Evidentemente, non lle podes esixir a unha persoa que ten determinada capacidade que faga o que fai a que posúe unha capacidade superior, pero o tratamento sería totalmente o mesmo.

Naturalmente, o que necesitan é moitísimo agarimo e nunca esixirlle aquilo que non poden facer. Cando obrigamos pola forza a alguén con autismo a que faga algo, non só non o vai facer, senón que vai coller un enfado tremendo e alterarse psicolóxicamente. Se desexamos conseguir da persoa con autismo o que nos propomos, debemos dar todos os rodeos posibles para que o fagan por propio gusto, por propio agrado. Esa é a gran dificultade que hai.

Se coñecemos primeiro cales son os seus gustos, habemos conseguir que

a persoa con autismo sinta satisfacción cando fai algo e se lle reconece. Iso pódoo asegurar porque o teño vivido.

### Ten cura o autismo?

Non. Trátase dunha enfermidade que dura toda a vida e non ten cura. Esperemos que dentro de vinte ou trinta anos as investigacións avancen, coma no parkinson ou a esquizofrenia... O certo é que neste intre en España faise pouco ou nada referente ó autismo. Noutras partes do mundo, coma EE. UU., Israel... si que se está investigando.

Non todo o que sae en Internet é certo; a maioría do que aparece son trolas e o único que conseguen é facer dano ás familias dándolles esperanzas onde non as hai. Aínda non se sabe que é, nin a que é debido, nin como evitalo. O único que si se sabe con certeza é que cuns coidados especiais, unha educación temperá e un seguimento permanente, estas persoas poden avanzar no desenvolvemento da súa propia autonomía, aínda que serán dependentes toda a vida, iso está clarísimo.

“Se queremos que un autista faga algo, non debemos obrigalo, senón dar os rodeos precisos para que o realice por gusto”



## Que tratamento se lle aplica a estas persoas?

Para o autismo en si, eu son inimiga de usar fármacos (tranquilizantes), a non ser que sexa estritamente necesario.

O mellor tratamento que se lle pode dar a unha persoa con autismo é o mesmo que se lle pode dar a calquera persoa: o afecto, o agarimo e o non forzalos.

Agora ben, como calquera de nós, hai persoas con autismo que teñen outros problemas engadidos, e de feito nunha porcentaxe bastante elevada padecen epilepsia. Meu fillo ten epilepsia e naturalmente ten que tomar un tratamento farmacolóxico para manter afastada a epilepsia.

## Varía a esperanza de vida dunha persoa autista?

Non, como calquera persoa, poden morrer ós setenta, oitenta... ou ós vinte e cinco.

## Cantos casos de autismo hai en Galiza?

Se mal non recordo, existen ó redor de 1400 autistas en Galiza. Dende hai uns anos houbo un incremento tremendo. Agora fanse uns diagnósticos moito máis rápidos. Antes, ata os dous ou tres anos non sabías que o teu fillo era autista.

Seica hai un caso por cada mil individuos que nacen. A que é debido? Non teño nin idea. Tede en conta que persoas con autismo hainas en todo o mundo, dende as familias con menor capacidade cultural, ata as persoas con maior preparación.

## Pódense dar varios casos de autismo na mesma familia?

Si, de feito aquí en Vigo contamos cunha familia que ten dous fillos autistas. Na Coruña temos outra familia e tamén hai casos de xemelgos autistas. En Europa hai unha familia que ten cinco fillos autistas.

## Que servizos de apoio prestades ós pais e nais no seo desta asociación?

Para comezar, escoitámoslos, que é o máis importante, e despois procuramos axudalos en todo o que poidamos.

Dámoslles información sobre as axudas da Administración, que non son moitas. Facemos xestións no centro educativo no que estea o seu fillo para que lles

concedan máis profesorado e unha aula especializada, sempre que os pais o estimen oportuno.

Actuamos por veces como unha escola de pais e nais, na que se debaten e analizan os temas que máis interesan. Amais, neste ano temos un apoio a domicilio cun psicólogo, e tratamos no posible en determinados momentos de ter a disposición dos nosos asociados algún canguro especializado.

Por outra banda, estamos levando a cabo un proxecto de lecer e apoio ás familias durante as fins de semana en Moaña, onde van os grupos. Alí pásano ben e aprenden as cousas da vida cotiá.

Agora a nosa maior preocupación é levar a cabo a construción dun Centro de Asistencia Permanente para persoas autistas no concello de Gondomar.

## Con que axudas contades?

Coas convocatorias que saen das distintas consellerías da Xunta de Galicia, deputación, concellos, entidades bancarias, entidades privadas, socios colaboradores ou eventos que facemos na asociación para obter fondos.

## Cantos pais e nais están na organización?

Nestes intres somos 152 as familias asociadas, aínda que non traballan todas, como ocorre en todas as asociacións. O día que coñezades algunha, dicídesmo para que me expliquen como o fan. É certo que todos tratan de apoiar naquilo que cren, pero coido que segue sen haber demasiada conciencia de que debemos ser nós os que deamos os pasos. Non podemos agardar que a administración nos poña todo en bandexa. Todos deberíamos botar unha man, que é a única forma de conseguir as cousas. Cómpre que traballemos todos con esforzo e ilusión.

## Pódense educar os nenos autistas en centros de educación ordinarios?

Poden, pero sempre que se lles doten de medios. Nós, como asociación e como pais e nais, somos partidarios de que un neno con autismo, sempre que sexa posible, poida estar nun colexio. Coidamos que é moi bo porque as persoas copiamos e aprendemos do que vemos, e por outra banda é unha oportunidade

para convivir e aceptar as nosas diferenzas, para comprender que todos somos iguais e que debemos apoiarnos uns ós outros.

Pero non se trata de meter un neno con autismo nunha clase con vinte nenos e deixalo alí, porque así non vai aprender nada. Cómpre que haxa un profesorado especializado de apoio adicado a esa persoa.

## Hai centros especializados?

Hai, pero a gran maioría son privados, aínda que algúns funcionan a través de asociacións sen ánimo de lucro. Tamén existen algúns da Administración pero son poucos. O de Chapelá é o único en Pontevedra, que eu coñeza.

## Como se compaxina a vida laboral coa atención dun fillo autista? Como afecta este problema á vida dun pai ou unha nai?

Coido que facemos milagres. Como lle decía a unha amiga, eu si boto de menos unha crise dos corenta anos, unha crise posparto, calquera crise normal. Eu nunca tiven nada, xa que non dispoño de tempo libre para iso. A miña en todo caso é unha crise permanente.

Francamente ter un fillo cun problema psíquico, sexa do que sexa, tronza a vida típica dunha familia; é algo totalmente distinto, xa que tes que facer unha vida arredor dese problema.

Para que se poida levar unha vida normal os centros especializados debían comezar á mesma hora que comezan os colexios ordinarios. Así, se unha nai ten un problema, pode deixar o fillo no colexio e ir traballar, cousa que non é así.

## Que pasaría con esas persoas autistas que nun momento dado se quedan sen familia? Que futuro lles espera?

Pois nestes intres, téñeno un pouquiño cru. Para nós a creación dun Centro de Asistencia Permanente, como vos dicía antes, é o noso proxecto estrela, a nosa gran preocupación; mesmamente iso foi o que fixo que nos asociásemos. Efectivamente, que vai pasar cos nosos fillos cando non esteamos nós ou cando

“Eu si boto de menos unha crise dos 40, unha crise posparto ou calquera crise normal”

non fagamos maiores?

Actualmente hai algúns centros que teñen prazas de intemado durante os 365 días do ano, pero non hai prazas de abondo para todas as necesidades que existen neste momento.

## Pódenos falar un pouco máis do Centro de Asistencia Permanente que pretendes construír en Gondomar?

Con este centro pretendemos asegurarlles un futuro digno ás persoas con autismo. Será como a súa vivenda durante toda a vida, unha vez que cumpran dezaioito anos.

Levamos xa seis anos xestionando a licenza deste centro, e a verdade é que se trata dun asunto que desgasta, pois estamos a falar de temas urbanísticos.

Unha vez obtida a licenza que nos permita construír, comezaremos a buscar medios de financiamento serios. Na hora de mantelo, ha funcionar como calquera outro centro, con financiamento e concerto de prazas da Xunta.

Ese é o futuro polo que traballamos. Non desexamos que unha persoa autista acabe nun xeriático ordinario, xa que o seu problema específico impediría que a súa calidade de vida fose a axeitada.

O centro que proxectamos contará con todos os servizos. Constará de tres edificios: un central, que será comedor, salón de actos, administración, unha pequena clínica e biblioteca. Tamén está deseñada para que poidan traballar mellor os universitarios e especialistas que estean facendo teses ou estudos sobre o autismo, para que eles mesmos vivan a vida do autista no centro. Amais, posuirá dous edificios paralelos, unidos por unha galería, que será a zona residencial. Terían cuartos individuais; algúns, dobres; e, como feito máis novidoso, habilitarase tamén unhas salas comúns onde os familiares poidan convivir fins de semana ou días festivos co autista.

# O físico non é o máis importante

NATALIA GONZÁLEZ DIZ

O pasado 28 de novembro veu unha rapaza chamada Ange a darnos unha charla. Durante esta actividade falou de que non só debemos querer a unha muller ou un home polo seu físico, senón tamén pola súa forma de ser, o seu carácter...

Repartímonos en grupos de cinco persoas para confeccionar uns murais sobre un home e unha muller atractivos. O primeiro que tiñamos que facer era buscar homes e mulleres nunhas revistas, segundo nos tocouse, e e despois pegalos.

Outra proposta que nos serviu para cavilar sobre o tema foi construír un abano: a partir dun folio entregado por Ange, nós tiñamos que pór o noso nome e o primeiro apelido arriba de todo; despois, debiamos ir pasando ese papel aos nosos compañeiros para que eles escribisen algo sobre cada un de nós, pero que fose unha cualidade positiva, ata que o papel chegaba de novo ás nosas mans.



*Estudantes confeccionando os murais, baixo a supervisión da monitora*

*(Vén da páx. 12. Continuación da entrevista co Departamento de Orientación)*

## Que son os Agrupamentos Específicos?

É o que se chama unha medida de atención á diversidade, xa que é normal que existan alumnos que nalgunha materia deban ser atendidos un pouco mellor, coa finalidade de que atinxan canto antes o nivel axeitado nesa materia concreta. Consiste en desdobrar unha aula nenas materias específicas, para que quede un grupo reducido (sempre inferior a 15 alumnos), de xeito que o profesor (que normalmente é o mesmo có do grupo de referencia) poida atender con máis atención a eses rapaces e rapazas. Pero os contidos e obxectivos nenas materias son os mesmos. Neste curso temos agrupamentos en 2ºESO.

## Que son os Programas de Diversificación Curricular?

É outra medida de atención á diversidade. Está composto por alumnos de 16 anos que non rematan a ESO, pero que os profesores ven que si poden facelo. Entón faise un curso que dura 2 anos e vai destinado a que os alumnos poidan ter ese título da ESO.

## Que son as Adaptacións Curriculares?

Unha ACI é unha medida extrema de atención á diversidade que consiste en adaptar o currículo ás características dos alumnos con necesidades educativas especiais. Neste senso, cómpre dicir que existen ACIS que rebaixan os contidos porque o nivel académico do alumno é inferior ao curso no que está escolarizado, e tamén hai ACIS nas que os cotidos se amplían porque o alumno supera o nivel ata en dous ou máis

cursos (estas últimas van dirixidas a un alumnado superdotado). Nas ACIS modifícanse os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, e poden afectar a unha, varias ou todas as áreas.

A conveniencia da realización dunha ACI vén determinada pola avaliación psicopedagóxica do alumno (avaliación realizada polo Departamento de Orientación en colaboración co equipo de profesores do estudante) e debe ser aprobada pola inspección educativa.

## Que lle recomendariades a un alumno que non ten claro o que quere ser de maior?

Todo depende do curso no que estea. Cando rematas bacharelato, en teoría xa escolliches unha modalidade, polo que é mellor cingirse a ela. Nós recomendámoslles aos alumnos que non soamente se cingan ao que lles gusta, senón que

tamén teñan en conta outros factores: as súas aptitudes, o seu rendemento en determinadas áreas...

## Podedes contarnos algún caso interesante dos últimos cursos?

Pois, por exemplo, o dun alumno que estaba a recibir apoio dende xa había moitos anos e tiña a idea de deixar de estudar. Decía que desexaba cumprir os 16 anos para marchar a traballar. Pois ben, orientámosto a facer un PGS (a el o que lle gustaba era ser auxiliar de electrónica). Cómpre saber que era un alumno que non sabía escribir nin ler moi ben, pero que, en troques, cos ordenadores era boísimo. Ao final completou o PGS de electrónica e logo fixo o exame para acceder a un ciclo medio e, sorprendentemente, pasou. Ningún de nós o agardaba. Por iso, o máis importante é ter interese e ganas. Con eses ingredientes consigues todo o que te propoñas.

## IGUALDADE DE XÉNERO

MÓNICA BOENTE

Eu son unha rapaza. Unha que será unha muller. Unha das tantas que aínda hoxe viven en sociedades nas que ser muller non axuda en nada.

Durante millóns de anos as mulleres fomos coma obxectos para os homes, os nosos donos eran os nosos pais ou maridos. Pero o máis tristeiro de todo é que aínda hoxe hai países nos que segue a pasar o mesmo. Moitas das veces este feito débese a razóns relixiosas e culturais, vese favorecido pola poligamia, e nestas sociedades cómpre denunciar que ademais de nos considerar obxectos, só nos teñen destinadas á procreación e ó divertimento.

Nas sociedades desenvolvidas non é normal que se dean estas situacións, pero iso non impide que ás mulleres nos sigan considerando inferiores. Xeración tras xeración, as mulleres intentamos que nos traten sen ningún prexuízo e sen que nos cataloguen como seres subordinados. E pouco a pouco ímolo conseguindo, aínda que queda moito por facer.

Xa dende a infancia ás nenas nos crían cuns ideais e ós nenos, con outros. As nenas temos que ser boas, doces, con cara de non ter roto xamais un prato; os nenos, revirados, sen poder chorar, xa que deben ser fortes e non pareceren unhas nenazas. Despois, cando xa son rapazas ou rapaces, cada un fai unha cousa diferente. As rapazas axudan na casa, mentres que os rapaces axudan ó seu pai fóra do fogar, nun traballo que



as rapazas non poderían facer xamais. E se é nun piso ou nunha casa, o rapaz xa non fai nada, ou case nada. Pero iso non é nada cando teñen que marchar a traballar, porque supostamente hai traballos para mulleres e traballos para homes. Isto é unha barbaridade coma outra calquera. Para o meu entender hai traballos para quen os saiba e poida facer, e nalgúns casos tamén importará a condición física. Por iso mesmo, pola condición física, os homes pensan que non estamos capacitadas para algunha clase de traballos, e non é certo. Hai mulleres coa suficiente fortaleza física para realizaren os traballos que os homes pensan que só eles son quen de facer.

Cando xa son maiores, teñen estas ideas tan metidas na cabeza, debido á súa educación, que é imposible facer que desaparezan.

Pero a nosa sociedade aínda ten moitos máis prexuízos. Por exemplo, miña nai traballa nunha fábrica de peixe, nunha

empresa privada onde o xefe é home. Ela está nunhas cadeas de pota e a maioría das que traballan alí tamén son mulleres, aínda que hai algúns homes. Eses únicos homes, inexplicablemente, teñen un soldo máis alto có de miña nai, cobrando case 100% máis. E iso que fan o mesmo traballo, e que mesmo miña nai ten máis antigüidade ca eles.

Ademais, recentes estudos confirmaron que o 59% do total de universitarios que remataron os seus estudos son mulleres, mentres que o 62% do total de persoas con altos cargos de administración son homes. E peor ocorre en postos executivos e administrativos, cun 83'8% do total. Isto non ten sentido. Como vai haber máis homes con altos cargos, se hai máis mulleres que rematan os estudos? Esta pregunta tería que ir dirixida a todo o mundo, aínda que en especial ós xefes de empresas, que contratan poucas mulleres e moitos homes. E todo, por que?, por culpa

dos malditos prexuízos. Dalgún xeito, a todas esas mulleres que están a estudar agora estalles a dicir que non se esforcen máis, xa que non as collerán en postos de importancia. Pero eu dígolles que non se dean por vencidas, dado que tarde ou cedo haberá moitas máis xefas ca xefes e que algún día a vida laboral da muller será moito máis doada e xusta.

Por outra banda, tamén hai que fixarse nos aspectos prexudiciais destas situacións, xa que moitos poden chegar a ser a causa principal da violencia de xénero. Esta violencia matou xa no que vai de ano a trece mulleres, e a súa causa son esas ideas que dende moitos séculos atrás, as mulleres intentaron facer que desaparecesen. E é que as noticias revelan que aínda hoxe existen eses pensamentos que queredamos borrar. Un exemplo foi o dun cura xubilado que dixo que as mulleres provocamos coa lingua e que os homes teñen que baternos para que nos comportemos debidamente. Este comentario gustou tan pouco a unha asociación defensora das mulleres que sofren violencia de xénero, que queren denunciálo legalmente. Espero que o consigan.

Moitas cousas podería dicir, pero todo me levaría á mesma conclusión: debemos erradicar estas ideas machistas que se apoderaron do mundo dende hai demasiado tempo. Afortunadamente agora hai unha maior conciencia social sobre este tema, pero cómpre seguir traballando e educando os nenos dende pequenos, sen ningún tipo de prexuízos, para deixar que, co paso do tempo, se decaten de como debería ser a nosa sociedade, unha sociedade na que por fin todos poidamos facer de todo, sen diferenzas de xénero.

## APADRIÑAR...

ARIANA FLORES

Hoxe parece que está á orde do día ser egoísta. Vivimos nun mundo no que o altruísmo e os bos valores morais son coma doutro tempo.

Aínda que os medios de comunicación nos tentan concienciar, o certo é que o fan sen moitos resultados; cada día temos perante os nosos ollos imaxes desoladoras e somos bombardeados con elas: persoas sen acceso a medicinas, sen dereito á educación, morrendo de fame, sen teito no que acubillarse, etc. E nós, que somos o futuro, que facemos?: virar a cara ou pechar os ollos? Total, a nós, que máis nos dá, se non

estamos nesas condicións?! Pensamos que os nosos problemas diarios xa abundan como para fixarmos nos dos demais. Porén, a carón destes, os nosos son tan pouca cousa...

Pero aínda non está todo perdido, xa que nós, aínda sendo novos, podemos axudar a que familias enteiras teñan algo que levar á boca, ou que os meniños poidan, coma nós, ter o dereito á educación, algo que non sempre valoramos. Como? Simplemente cuns 70 cm diarios, o que supoñen 21 Euros ao mes.

Efectivamente, apadriñando a un neno, cambiamos a súa vida e a do seu arredor. Non esquecemos que ese diñeiro é o que xeralmente gastamos en larpeiradas ou no móbil, ou noutros



caprichos. Diminuámoslo un pouco e así poderemos cambiar nada máis e nada menos que unha vida, a vida dunha persoa que naceu nun medio pobre e non correu a mesma sorte ca

nós. Sabedes canto valor ten iso? Pensádeo e metede esta idea na cabeza: "SOMOS O FUTURO E O CAMBIO ESTÁ NAS NOSAS MANS"

# Os alumnos de Comercio axúdannos a reclamar

Os estudantes do CS de Comercio Internacional, no primeiro curso, tiveron que realizar para a profesora Milagros Malvido un traballo de protección ao consumidor, consistente na descrición dos procesos de reclamación. Escolmamos aquí algúns retrincos destas útiles monografías.

SERGIO ALONSO / ANDREA CARBALLIDO

## Onde dirixirse para facer as reclamacións?

Despois de adquirir un determinado ben ou servizo, o consumidor pódese sentir enganado. Nesta situación, en primeiro lugar débese falar co vendedor e tentar chegar a unha solución rápida e satisfactoria do problema. Se chegados a este punto o problema persiste, o consumidor pódese dirixir:

-Aos propios establecementos.

-Ás asociacións de consumidores e usuarios.

-Aos servizos de consumo e ás oficinas municipais de información ao consumidor (as OMIC).

## Como facer as reclamacións?

O primeiro que podemos facer para reclamar é solicitar as follas de reclamación existentes nos establecementos.

## Que son as follas de reclamación?

Son o instrumento que a Administración pon ao servizo do consumidor para plasmar calquera reclamación ou denuncia que necesite efectuar na defensa dos seus intereses en materia de consumo. A súa entrega ao consumidor será gratuita e deberáselle facilitar en canto o solicite, por medio de calquera empregado do establecemento. A lei obriga a expor un cartel informativo que indique a existencia de follas de reclamación a disposición do consumidor e deberá estar polo menos en galego, castelán e inglés. En xeral, todos os establecementos que comercialicen bens ou presten servizos deben dispor delas.

As follas constan de tres copias. Unha para o establecemento, outra para o consumidor e unha terceira para a Administración. O consumidor conserva estas dúas últimas e envía por correo a copia da Administración ao órgano competente, que adoita aparecer na propia folla de reclamación. Se non se ten claro o órgano ao que dirixir a reclamación, o mellor será pedir información nunha OMIC ou nunha asociación de

consumidores.

## Existen outros vieiros para reclamar?

Existen. Por unha banda están os procedementos extraxudiciais: a mediación e mais o sistema de arbitraje; e pola outra, os procedementos xudiciais.

Amais, algúns sectores contan con vieiros propios de reclamación antes de acudir ao órgano administrativo competente: por exemplo, o "Defensor do cliente", en bancos e caixas de aforro, ou o "Defensor do asegurado", nas compañías de seguros.

## Que é a mediación?

É o procedemento máis rápido, barato e libre de formalidades de cantos se lle poden ofrecer ao consumidor. Consiste en interceder polo consumidor fronte á parte que vulnerase os seus dereitos. Son as distintas oficinas de consumo (tanto das asociacións como das OMIC ou da Administración autonómica) as encargadas de levar a cabo. A mediación pode concluír nunha aceptación total ou parcial da queixa do consumidor. Se, malia a mediación, non se chega a un acordo satisfactorio, pódese optar por outros vieiros.

## Que é o sistema de arbitraje?

É un procedemento de resolución de controversias que favorece aos consumidores se é aceptado polos comerciantes (é dicir, é voluntario para eles). Porén, unha vez aceptado o procedemento por ambas partes (comerciante e consumidor), a resolución é firme e de obrigado cumprimento, coma se tivese lugar nunha sala xudicial.

Na administración de arbitraje, interveñen a Xunta Arbitral de Consumo, onde se presentan as solicitudes que inician o proceso, e mais o Colexio Arbitral que decide sobre o conflito.

## Fases da arbitraje

O proceso comeza coa presentación dunha solicitude de arbitraje á Xunta ou a unha asociación de consumidores. Logo deste primeiro paso, compróbase se o comerciante ou empresario está adherido ao



As OMIC (Oficinas Municipais de Información ao Consumidor) son lugares aos que podemos acudir para pedir axuda nos casos de reclamación.

sistema. En caso negativo, preséntaselle a solicitude e o comerciante dispón de 15 días para aceptalo ou non (aí reside a voluntariedade do mesmo). Se o empresario rexeita adherirse ao sistema de arbitraje, a solicitude é arquivada.

No caso de que a solicitude siga adiante, convócase a un Colexio Arbitral composto por tres membros independentes: o primeiro representa ao consumidor; o segundo, ao empresario; e o terceiro é o presidente, que pertencerá á administración pública da que dependa a Xunta.

Cítanse as partes para unha audiencia na que cada unha expón os seus argumentos e aquelas probas que consideren precisas, sen necesidade dun avogado nin dun procurador. O Colexio escoita e acorda as probas que estime pertinentes, sufragando a Administración os custos daquelas que os tres membros do Colexio consideren oportunas e asumindo o pagamento daquelas que as partes propoñan.

Ao final, a súa decisión, que recibe o nome de laudo, é firme executiva. Se as dúas partes afectadas chegan a un consenso durante a arbitraje, o acordo recóllese nun laudo conciliatorio.

Contra o laudo só se pode interpor un Recurso de Anulación por eivas de forma perante a Audiencia Provincial, nun prazo de dez días dende a notificación, e un Recurso de Revisión segundo o establecido na lexislación procesal. O cumprimento do laudo pode ser imposto por vieiro xudicial, de non ser executado o prazo.

## Adhesión dos empresarios á arbitraje

Os empresarios ou comerciantes poden solicitar unha oferta pública de sometemento para futuros conflitos na Xunta Arbitral de Consumo. Nesta petición, os empresarios poden limitar os conflitos que sexan resolver mediante a arbitraje.

Como contraprestación, as xuntas arbitrais incorporan a empresa ao Censo Nacional de Empresas Adheridas ao Arbitraje, e outorgan ao establecemento un distintivo oficial.

Cando o consumidor ou usuario ve o distintivo sabe que se atopa perante un proveedor que lle asegura poder resolver os desacordos que se poidan producir a través do Sistema de Arbitraje. Amais, esta etiqueta supón calidade, seriedade, confianza e creto para o consumidor.

## Cando non é posible a arbitraje?

Cando conorra intoxicación, ferida, morte ou existan indicios racionais de delito.

## Como é o procedemento xudicial?

Os consumidores e usuarios dispoñen, individualmente, das mesmas canles procesuais cós demais suxeitos xurídicos. Pódese facer polo vieiro civil ou polo vieiro penal.

## O vieiro civil

Por este camiño pódese reclamar unha cantidade económica en concepto de indemnización polos danos ou perdas sufridos. Os consumidores poderán facer unha demanda como consecuencia do seguinte:

-A vulneración dos seus dereitos  
-O incumprimento do contrato.  
-A venda de produtos ou bens con eivas.  
-As negligencias profesionais.  
Dependendo a contía que se reclame, o xuízo será verbal ou ordinario e necesitarase a presenza dun avogado e/ou procurador.

### O vieiro penal

Se o consumidor entende que a actuación do vendedor é un delito (estafa, apropiación indebida) pode presentar a oportuna denuncia polo vieiro xudicial penal, perante o xuízo de instrución do lugar onde se cometeu o delito, perante o fiscal ou perante un funcionario de policía. Na denuncia relataranse de xeito breve os feitos que se conside-

ren delituosos, a data na que tiveron lugar, as identidades dos responsables, os danos e perdas previstos, así como as probas que se posúan (facturas, fotos, etc.). Se, logo da presentación da denuncia, o xuízo entende que existe a aparencia de delito, iniciará as correspondentes accións penais.

### Cal é o procedemento de reclamación que máis se adoita facer?

As reclamacións fanse acotío por procedementos extraxudiciais, xa que na maioría dos casos o importe do produto ou o servizo polo que se reclama é moi inferior ao custo que supón reclamar xudicialmente. Aí é onde entran en xogo as diferentes asociacións de consumido-

res e as organizacións de consumo.

### Onde podo obter máis información?

Na OMIC (Oficinas Municipais de Información ao Consumidor) do noso concello. Na páxina web do Instituto Galego de Consumo (moi recomendable). Na páxina web do Instituto Nacional de Consumo. Na páxina web do Centro Europeo do Consumidor, etc.

### Que asociacións de consumidores poden tamén axudarme?

A OCU (Organización de Consumidores e Usuarios), ADICAE



(Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas e Seguros. A súa páxina web é moi recomendable), UCGAL (Unión de Consumidores de Galicia), A Xuntanza (Asociación de consumidores que está en Vigo), Unión de Consumidores de Pontevedra, etc.

## Os novos saqueadores

**En marzo do ano pasado, o prestixioso xornalista valenciano Pascual Serrano, fundador do xornal dixital Rebelión.org, publicaba un artigo no que denunciaba a impunidade coa que actuaban bancos, entre outras grandes empresas, á hora de cometer abusos cos cidadáns. Neste apartado que Órbita adica á defensa do consumidor, coidamos interesante transcribir o devandito artigo.**

REDACCIÓN -REVISTA DE PRENSA: PASCUAL SERRANO

Hai unhas semanas a Unión de Consumidores de España (UCE) fixo unha denuncia que, aínda que ben difundida polos medios de comunicación, pasou axiña a durmir nas hemerotecas. Dicía que un 15% da nosa renda se destinaba a pagar cláusulas abusivas establecidas polas empresas e que xa os tribunais consideraron nulas de pleno dereito pero que, ao estaren recorridas perante o Tribunal Supremo, poden seguir cobrándonolas.

Non se trata, xaora, de pequenas empresas, son os grandes sectores oligopólicos coma a telefonía móbil (que queda con 32 ¢ de consumo que non realizamos por cliente e ano, ata embolsar 27 millóns de euros cada ano), as aseguradoras de automóbil (alterando o valor dos vehículos), as entidades financeiras e as construtoras. Nalgunhas empresas este cobro ilícito supón o 20% dos seus beneficios.

**A cantidade que nos desvían da nosa economía calculouna a asociación de consumidores en 500 ¢ por fami-**

**lia e ano.** Engaden que a sangría durará outros cinco anos, malia a evidente ilegalidade do cobramento.

É evidente que se trata dunha cantidade moito maior da que podemos ser vítimas pola delincuencia común. É malo de atopar algunha familia que, entre furtos de carteiristas, tiróns de delinquentes ou roubos no seu domicilio, poida acumular un balance así de trágico.

Se algúns cidadáns de ben se indignan cando din que os malandros entran nas comisarías por unha porta e saen decontado pola outra -algo que non é certo-, supoño que se terán indignado moito máis ao saberen que estoutros, máis elegantes, iso si, non entran en ningunha comisaría e van seguir con toda impunidade roubándonos 500 ¢ ao ano durante os vindeiros cinco anos.

Ou dito doutro xeito, un corre máis risco de ser atracado cando entra nunha sucursal bancaria a abrir unha conta ou a pedir un préstamo, que se pasea ás dúas da mañá por unha escura ruela do centro de Madrid.

Lembro hai dous anos unha anécdota acontecida a meu pai e máis a min ao irmos recoller as

chaves dunha vivenda da nosa propiedade, logo de anunciarnos a inquilina que suspendía o contrato. Por algún momento, preocupounos o estado no que tivese deixado o apartamento e mais as posibles facturas de luz, auga ou comunidade que puidesen quedar impagadas.

Como se trababa dunha provincia diferente de onde tiñamos a nosa residencia, aproveitamos a viaxe para facer algunha outra xestión. Entre elas, cancelar unha libreta bancaria que non actualizabamos nin supuñamos movementos dende había dous anos, cando tiña un saldo de 200 ¢.

Non soamente a inquilina, inmigrante colombiana, nos deixou en perfecto estado a casa, senón que pagou diligentemente os custos estimados das subministracións. Porén, ao irmos á sucursal bancaria, dixerónnos que nada quedaba dos 200 ¢, que se esvaeran mediante comisións, custos de xestións e elementos diversos de aplicación unilateral pola entidade.

A miña conclusión non puido ser outra. Vítimas de prexuízos imperdoables e trabucados, pensabamos que a inocente inmigrante podía aproveitarse da nosa indefensión xurí-

dica no intre de abandonar a vivenda alugada, cando en realidade era o banco o que con toda a impunidade da lei, tomara a licenza de consumir o desfalco total da nosa libreta de aforros.

A anécdota é o vivo exemplo do estudo agora espallado pola OCU. Vivimos nun modelo económico e social no que existe unha rede máis poderosa có sistema lexislativo, xudicial ou policial, e que permite roubo dunha envergadura sen precedentes. Porque a ese saqueo ao consumidor, cómpre engadir o diñeiro que evaden en impostos, o que incautan dos traballadores mediante abusos laborais en xornadas ou contratos abusivos e mais as operacións especulativas que lles xeran grandes beneficios.

De nada serve un sistema que se chama democrático porque contabiliza con todo xeitiño votos nas noites electorais, se algúns poden meternos a man na carteira de cada vez que contratamos un seguro obrigatorio dun automóbil, mercamos unha casa para vivir, chamamos por teléfono á nosa familia ou abrimos unha conta bancaria onde cobrar a nosa nómina.



# A espida historia da galega no caso do Polonio 210

Recentemente, os medios de comunicación de todo o mundo faciáanse eco do caso da morte por envelenamento radiactivo do ex espía ruso Litvinenko e mais da alarma creada en todas as persoas que compartían con el o mesmo espazo físico, perante un posible risco de contaminación. Unha delas é a galega Cristina López, porriñesa que traballa en Londres como enxeñeira. Afortunadamente, todo quedou nun susto, pero neste artigo a protagonista cóntanos como se viu envolta nesta estraña historia de espías, e clarexa moitas inexactitudes sobre o seu caso publicadas nos medios de comunicación galegos.

## CRISTINA LÓPEZ

Non hai escaleiras que leven ás oficinas de Boris Berezvski en Mayfair. Un conserxe de librea agarda os visitantes tras unha mesa e chama a comprobar se son benvidos. Unha vez cumprido este trámite, vai canda eles ó ascensor que non ten botóns para os pisos, senón un teclado onde marca un código. Cando as portas do ascensor volven a se abrir, atópase un directamente no recibidor, decorado con luxo en tons claros.

Recíbemos Sasha, en vaqueiros e cun sorriso. O primeiro que fai é preguntarnos se queremos tomar algo. O primeiro día díxolle ó meu xefe, Sean, que a máquina nova facía uns capuchinos para tolear, e que Vladimir, un home alto e afable, responsable na ausencia de Berezvski e que nos tiña que explicar cales eran los cambios no sistema e cales os problemas que detectaran, saíra a xantar. Así que nos preparamos para un aburrido agardar nos sillóns de veludo do recibidor, e mentres o meu xefe me falaba sobor da interfaz da pantalla de plasma que tiñamos en fronte, que é parte do sistema, fánse os ollos cara un fermoso e enorme cadro moderno pendurado enriba da pantalla: dúas caras ledas mirando pola fiada dun autobús no que se reflectían as árbores de inverno do exterior; lembro que me preguntaba se sería a Rusia. Todo o persoal de Berezvski é ruso, soa Tchailkovski no ffo musical e nos corredores hai fotografías

de persoaxes da historia rusa, dende Rasputín ata Gorvaxov.

Nunca imaxinei que a primeira lembranza do lugar onde pasaría a seguinte semana de traballo fose mirar un cadro sentada nun sofá con restos dunha substancia radiactiva escasísima na natureza e letal, deixados alí por un home do cal todo o Reino Unido lía nos xornais a diario eses días.

O caso de Litvinenko causou fascinación dende o comezo por varios motivos: porque é una historia de espías das que xa non se lembraban dende a guerra fría, e ademais porque por primeira vez se amosou ó público “en directo” a gradual aínda que rápida desintegración dun ser humano.

Lembro unha das derradeiras fotografías de Litvinenko, mirándonos con tristura dende a páxina dun xornal, encollido, coma se fose outra vez cativo, completamente distinto do home que fora tan só un par de semanas atrás.

Perdida xa toda esperanza de sobrevivir, díxolle á súa dona Marina que “escoitara as ás do anxo da morte”. Encolléuseme o corazón, como a tantas persoas que leron esta frase ó carón desta fotografía.

O máis do tempo nas oficinas paseino sentada noutro dos sillóns onde foi detectada radiación, no despacho de mister Berezvski. Daquela para min só era “Boris”; lía o programa na procura de erros en áreas nomeadas como “despacho principal de Boris”, “sala de proxección de Boris”, “área de relax do Boris”. No estante de pladur, detrás de gran mesa de despacho, fotografía do “Boris” con familiares e amigos descoñecidos para min, e unha cun amigo especial, o presidente ruso, Vladimir Puthin. Busquei alguna co seu tocaio Boris Yeltsin pero “non houbo sorte”. Dende que traballo nesta compañía vin fotos de familia a carón de todo tipo de celebridades, dende Madonna ata Fidel Castro. É unha especie de hobby. Agás iso, o traballo é coma calquera outro, moitas

horas diante dun ordenador, coa sorte de que hai una Sasha de cando en cando que aparece coma un anxo do café cunha taza nas mans.

O persoal das oficinas de Berezvski traballa duro, chegan cedo e marchan tarde; non parecen sacados dunha película de espías, só o persoal amable dunha oficina calquera. Supoño que de terme atopado co Litvinenko, que agonizaba no Univercity College Hospital mentres eu traballaba nas súas oficinas, tamén tamén me tería semellado un corrente administrativo e nunca un ex espía do KGB. Supoño que aí está o truco de ser un bo espía. Un coma o James Bond só funciona nas películas.

Cando un par de semanas despois meu pai me mandou un email dicindo que a policía acabara de atopar restos de radiación nas oficinas dun millonario ruso chamado Boris Berezovski, pensei que era imposible que foran as mesmas oficinas: saíra de alí coa idea de que o home para o que traballara era un gran amigo de Vladimir Putin, pola fotografía, claro. É certo iso que din de que unha imaxe vale máis ca mil palabras.

Porén, como o nome cadraba, tecleei “Boris Berezovski” en Google imaxes. E alí estaba, o home do despacho, o mesmo da fotografía en camiseta a carón dun dos xerifales máis poderosos do mundo, ó que Litvinenko acusara da súa morte e do que se sospeitaba que puidera ditar a lista de obxectivos (“persoas en perigo”) que Mario Scaramella ensinou a Litvinenko o día que se reuniu no restaurante Millenium,



A porriñesa Cristina López, escribenos dende Londres sobre o pesadelo vivido

seica sen tomala moi en serio, e que continúa o nome de ambos os dous, e tamén o de Berezovski.

Procurei mais información, e na edición dixital do reaccionario Dally telegraphs, lin a dirección exacta, o 7 de Down street. Había ata unha fotografía das oficinas, na que ben puidera estar Saha, pero aparecían no seu lugar un par de policías. Decateime de que a Saha e o Vladimir e o meu xefe e mais eu mesma podíamos estar metidos nunca boa.

O medo é unha das emocións que poden embogaarte os ollos de súpeto. Cando o meu mozo mirou para min, lívida e co ollar vidroso fixo na pantalla do portátil, preguntoume qué me pasaba, e ó tentar explicarllo, pensei que morrera envelenado alguén ó que eu coñecía, e díxome que o sentía... O meu mozo vive en Babia e leva un libro para ler no metro no canto do xornal.

Chamei a Sean, que pasara aínda máis tempo ca min nas oficinas de Down Street. El non vive en Babia e levou o mesmo susto ca min.

Incapz de dormir, procurei información verbo do Polonio 210 en Internet. Metaloides altamente radiactiva descuberto por Marie Curie, extremadamente raro na natureza, emite partículas alfa de alta frecuencia e un par de microgramos constitúen unha dose letal. A cada parágrafo que lía, menos sono tiña.



Axente británico comprobando os niveis de radiación nunha casa

## Separa para reciclar

O noso Centro vén de instalar uns colectores para que toda a comunidade educativa poida separar o lixo que xera e teña a posibilidade de depositar en cadanseu lugar o papel, os plásticos e latas, o vidro e mais o lixo orgánico. Usémoslos, xa que a separación selectiva do lixo é o único xeito de garantir a súa reciclaxe.



Unha alumna bota o papel no colector azul e a outra deposita un plástico no colector amarelo

Á mañá seguinte o meu xefe Sean chamou a outro dos programadores que estivera nas oficinas de Berezovski antes ca nós, e este díxolle que a Axencia para a Protección da Saúde, o departamento da sanidade británica que esta a levar o asunto do Polonio, xa contactara con el, e que os nosos nomes tamén estaban na súa lista, e deunos o teléfono que lle deron a el. Chamamos, explicamos o conto e pasáronnos cun médico, que nos fixo algunhas preguntas: se tiveramos algún sintoma dunha lista, coma náuseas, sangrado de xenxivas; se eramos fumadores, pois o fume do tabaco contén Polonio, e os médicos pensan que esta pode ser a causa do cancro de pulmón que desenvolven moitos fumadores.

Debiamos ir, a ser posible ese mesmo día, a un ambulatorio en Pimlico, onde íamos recibir instrucións e información. No ambulatorio déronnos senllas botellas con cadansúa etiqueta cos nosos nomes, que tiñamos que encher cunha "mostra" de 24 horas de oruíños. "Se non consegue un litro, ten que repetir a proba"... Iso si que é un reto!... Tamén nos explicaron "todo" sobre o polonio, tranquilizándonos abondo.

### Polonio 210, mitos e realidades

A radiación emitida polo Polonio 210 non atravesaa pel. A persoa que envelenou a Litvinenko puído manexalo con total tranquilidade, pois só é perigoso cando penetra no organismo sendo inxerido, inhalado ou a través dunha ferida aberta. Neste senso, é coma calquera outro veneno. As persoas con maior risco eran pois os empregados do lugar onde Litvinenko foi envelenado, que puideron ter contacto directo coa comida ou bebida envelenadas e logo levar

os dedos á boca. Perante a dúbida de se o envelenador tivo acceso á cociña, todos os clientes do bar de sushi e mailo hotel Milenium onde se atopou radiación, foron testados. Oito membros do persoal do hotel deron positivo nestas análises, é dicir, atopáronse partículas alfa na suas mostras. Con todo, a cantidade de Polonio que inxeriron ou inhalaron parece moi pequena, non constituíndo un risco para a súa saúde a curto prazo. A Axencia para a Protección da Saude pide ás persoas que son testadas conservar os seus datos, probablemente para estudar os efectos a longo prazo da exposición leve ó Polonio.

O Polonio vaise da roupa, o cabelo ou os cubertos cun un simple ciclo de lavado normal con xabón ou deterxente.

Se ben é certo que un par de microgramos de Polonio son letais, é moito menos doado e menos discreto reunir 2 microgramos de Polonio que 600 toneladas de dinamita. É un elemento moi escaso na natureza e é necesario sintetizalo para uso industrial bombardeando bismuto con neutróns, para o cal precísase dun reactor nuclear o un acelerador de partículas. A fabricación de Polonio esta sometida a estritos controis de seguridade debido á perigosidade do elemento. Evidentemente, os que envelenaron a Litvinenko son persoas moi poderosas.

A meirande dose de Polonio inxeriuna Alexander

Litvinenko, e foi eliminado a través dos seus oruíños e das súas feces. Nos días posteriores, os restos biolóxicos de Litvinenko, coma a súa suor, tiñan un pequeno contido de Polonio, máis reducido do que el inxeriu, pero abondo para deixar restos de radiación nos lugares por onde pasaba, incluídos os sillóns da oficina do seu xefe e amigo, Boris Berezovski nos que eu me sentaría algúns días depois.

Mario Scaramella é a persoa máis contaminada ata a data, e sospéitase que non foi accidental senón que foi envelenado por separado, coma Litvinenko.

O Polonio deixa un resto de radiación ó seu paso, que non quere dicir que a substancia siga alí, senón que estivo alí por exemplo, nos dous avións de British Airways. Non é certo que Litvinenko foi soterrado nun cadaleito de chumbo porque vai radiar durante séculos: o Polonio non é Plutonio, aínda que soe parecido; se a radiación do Polonio non pode nin atravesar a pel humana, non se precisa un cadaleito de chumbo para illala. Lonxe de radiar durante séculos, o Polonio ten unha vida media duns 130 días, logo dos cales deixa de ser radioactivo. A razón do selado do cadaleito de Litvinenko, penso eu, é que é un cadáver moi famoso, e nesta cidade hai moito tolo.

Coido que se debería facer unha análise a todas aquelas persoas que o soliciten se viaxaron nos avións afectados ou estiveron en calquera dos lugares onde se detectou radiación, no caso de se sentiren intranquilas. Aínda que as probabilidades dunha contaminación sexan case que imposibles, poñéndome no seu canto, sempre é mellor saber que dudar.

No meu caso, o día que me chamaron da Axencia para a Protección da Saude para me comunicar que os resultados das miñas análises eran negativas e que todo era perfectamente normal, foi un día digno de ser celebrado.

Agardo poder contar un día non moi lonxano ós cativos da miña familia, pequenos primos e sobriños que acaban de nacer ou están en camiño, o conto daquela vez que estiven metida no medio dunha intriga de espías rusos en Londres. Sei que lles vai gustar, especialmente a parte na que ando por toda a cidade coa botella do pis e o funilciño nunha bolsa de plástico de Sainbury's xunto á documentación que nos deron na ambulatorio, identificando claramente o contido desa botella como pipí implicado no caso do polonio 210. O meu xefe e mais eu rezabamos para non esquencelara nun recuncho calquera, pensando no coitado fulano que a atopase...

## Como adquirimos a linguaxe?

MARIA DOMINGUEZ

Quixera falarvos da adquisición da linguaxe, que eu considero un punto relevante na educación primaria e secundaria. Gustaríame comezar por sinalar que as hipóteses sobre a orixe da linguaxe na especie humana baseáronse por veces en modelos que tentaban explicar a adquisición da linguaxe polo neno. Porén, hoxe sabemos que a maneira na que os máis pequenos aprenden a falar non pode dicirnos nada daquel problema, que semella ser inescrutable, pero si de como funcionan os sistemas educativos, particularmente, dos sistemas lingüísticos e das relacións establecidas entre pensamento e linguaxe.

No proceso de aprendizaxe dun neno, adóitanse distinguir varias etapas. En primeiro lugar, unha etapa prelingüística, na que o pequeno se comunica por medio de xestos ou sons imitativos ós que aínda é incapaz de atribuír significado ningún. Cara ós nove meses aparecen

os primeiros signos intencionados, que van máis alá do que ata entón eran, para os adultos, simples indicios. A partir das articulacións que consegue distinguir (vogais / consoantes, nasais / orais, labiais / dentais, son as primeiras) o neno constrúe palabras fonicamente moi sinxelas, equivalentes a frases, en todo dependentes da situación na que se emiten, e cun significado amplo.

Cando ten dezaoito meses, máis ou menos, é xa capaz de facer as primeiras construcións a modo de sintaxe. Dende o terceiro ano os progresos son rápidos: o vocabulario aumenta considerablemente; ós nomes e verbos engádenselles adxectivos, adverbios e palabras gramaticais; xorden oracións compostas enlazadas pola conxunción “e”; empezan a establecerse concordancias. O imperativo aparece antes có indicativo; o modo subxuntivo, así como a subordinación, serán bastante máis tardíos. O primeiro tempo verbal en aparecer será o presente; logo, o pasado.



A partir dos cinco anos, aproximadamente, o neno manexa a linguaxe con soltura, aínda que tardarán en apareceren construcións complexas; polo que respecta ó léxico, incrementarase arreo nun longo período.

O proceso de aprendizaxe da lingua materna supón unha interacción social: a linguaxe vén determinada polo contacto con adultos, que introducen ó pequeno nas distintas situacións e rutinas, e cos nenos (mediante o xogo, nomeadamente). O proceso no seu conxunto foi explicado en base a dúas cuestións contrapostas: ¿a adquisición da linguaxe responde a unha simple

imitación, á impregnación do medio? Ou, máis ben, hai algo innato no ser humano que lle permite estruturar os datos recibidos, determinando toda a evolución?

Nada hai resolto, aínda que o que resulta evidente é que o desenvolvemento da linguaxe e o do pensamento van estreitamente unidos, a pesar de que nalgunha ocasión a capacidade (simbólica) de pensamento vaia por diante da lingüística.

En poucas palabras, podo dicir que, “A EDUCACIÓN É UNHA BASE IMPORTANTE NO PIAR DA NOSA EXISTENCIA”.

### “AGARIMO DE TORNEIROS” (Grupo de baile)

CARLA SOBRAL

No meu grupo de baile chamado “Agarimo de Torneiros” só somos nenos e nenas, non hai un grupo de maiores. Hai dous anos aínda o había, pero desfíxose. No noso grupo somos poucos, pero tentamos mellorar en cada ensaio. Bailamos mullerías, xotas, ribeiranas e tamén cantamos. Ultimamente non temos moitas actuacións

fóra de Galicia, pero antes iamos a moitos lugares de España, coma Toledo, País Vasco, Zaragoza, Cáceres, etc.

Os traxes que temos as rapazas son todos da mesma cor, vermellos. Constan dunha saia vermella, unha enagua por debaixo (a enagua é unha saia interior), uns pololos, unhas medias caladas e uns zapatos negros; por enriba da saia leva un mandilón negro. Na parte superior vestimos unha camisa frouxa, con lazos vermellos

nas mangas e no pescozo, así coma un corpiño negro (o corpiño é unha especie de chaleco).

Os rapaces levan un pantalón, que está formado por dúas partes: uns calzóns que van ata o xeonllo e unhas polainas que chegan ata o pé. Calzóns e polainas son de pano con adornos de veludo, e as polainas levan cadansúa ringleira de botóns. Amais, entre os calzóns e as polainas déixanse ver as cirolas que se levan por debaixo.

Para bailar no grupo cómpre ter un pouco de ritmo e moita paciencia, xa que os puntos dos bailes non saen á primeira. Estar nun grupo de baile galego para min é moi divertido e construtivo.





## A BIBLIOTECA, UN ESPAZO PARA LER

“LER TEN PREMIO”,  
“APÚNTATE Á LECTU-  
RA”, “VIVE MOITAS  
AVENTURAS” ,“O QUE  
LE É UN LEÓN” .....

Tanto eslogan imaxinati-  
vo, o gusto pola lectura e o  
interese por espertar esa  
inquietudanza en todos os  
alumnos, fixo que nos ani-  
máramos a formar parte do  
equipo da Biblioteca. A nosa  
intención era darlle un  
pouco de vidiña e marcha, e  
facer lectores ás mancheas.  
E tamén escritores, contado-  
res, novelistas, contistas,  
malabaristas das palabras en  
acción.

Presentamos proxectos,  
fixemos reunións, rexistra-  
mos libros, informatizamos  
a biblioteca, seguimos com-  
prando novidades e clásicos,  
facendo carnés de lecto-  
res e préstamos..., pero  
botabamos en falta algo: UN  
ESPAZO AXEITADO E UN  
TEMPO

Tentamos conseguir un  
espazo maior para a  
BIBLIOTECA, que permiti-  
ra facer outro tipo de activi-  
dades sen interferir coa lec-  
tura: escoitar e ver CDs,  
DVDs..., espazos de lecer  
con outro mobiliario.... De  
momento seguimos agardan-  
do.

Acordamos propor un  
tempo de lectura no institu-  
to, que non fora do recreo,  
que lles permitise ós alum-  
nos ler, polo pracer de ler,  
sen estar obrigados a esco-  
ller un título determinado  
nin un tema; un tempo que  
formase parte da xornada  
lectiva diaria, que implicase  
a maioría das materias e pro-  
fesores. Aceptouse a idea e  
púxose a proba durante un  
mes. A experiencia pareceu  
positiva e decidiuse conti-  
nuar.


Óllase que os rapaces len  
libros, que non é imposible  
que rematen unha obra,  
mesmo as máis grosas, que  
gozan lendo...; lemos profe-  
sores e alumnos, hai alum-  
nos que teñen moito intere-  
se en rematar o volume na

casa...; entre o  
alumnado fanse  
comentarios e  
recomendacións  
dos libros diverti-  
dos, dos escritores  
que lles gustan; os  
rapaces e rapazas  
familiarízanse con  
títulos, autores...

No taboleiro do  
corredor da  
Biblioteca, multi-  
colores portadas  
de diversos libros  
anuncian o con-  
curso: “LER TEN  
PREMIO”. Os  
lectores destes  
libros conseguirán  
puntos por cada  
libro lido; os pun-  
tos dependerán  
das preguntas res-  
pondidas sobre os mesmos.  
Todos os que consigan pun-  
tos, terán un premio; dife-  
rente premio, segundo o  
número de puntos acadados.

O curso non rematou, que-  
dan máis ideas a desenvol-  
ver, máis novidades para ler,  
máis puntos a conseguir e  
máis lectores que facer.

Os proxectos son moitos e



paseniñamente tentaremos  
levalos adiante. Sería un  
gran éxito mostrar e apren-  
der que nos libros hai vida,  
aventuras por vivir, incógni-  
tas por descubrir e mundos  
por conquistar.

“LER É VIVIR DÚAS  
VECES”

Sara Costa  
(Departamento de Lingua Castelá)

## CADERNO DUN LECTOR

Esta sección –igual  
que lle pasa a “As Meninas” de  
Velázquez, que é un cadro que  
non é cadro- puidera non ter  
existencia se imperase a reflexi-  
ón. As razóns son tan abondo-  
sas que con exemplificar mini-  
mamente será suficiente para  
entender as reticencias do autor.

¿Interesará entregar  
parte da entraña anímica? Igual  
que na pormenorización dunha  
factura da compra saberase  
como nos alimentamos, nun  
catálogo de lectura persoal  
coñecerase o alimento vital.

¿Hai algo máis ditato-  
rial que unha enumeración sub-  
xectiva? Se é miña, se é o que  
penso, pois non necesito a túa  
opinión.

Se trocamos a miúdo  
as nosas neuronas e células,  
¿canto terá de provisionalidade  
calquera pulo de facer un rimeiro  
de suxerencias?

¿A partires desta  
strip-tease mental produciráse  
me un punto de inflexión na  
relación social?

...

Será mellor non  
seguir escudriñando xa que “o  
Ser e a Nada” están tan adosa-  
dos que o salto dun ó outro é tan  
probable que a alusión a  
Velázquez pasaría dun comenzo  
inesperado e orixinal a unha  
realidade tan crúa que teríamos

que botar man de Kafka para  
solucionar a encrucillada.

Ó anterior non lle  
fagades caso xa que o artigo  
existe: “Asumidos están os ris-  
cos”.

O seguinte parágrafo  
é introspección e cognitivismo  
–podedes pasar, xa que o artigo  
ten un certo senso fractal- ¿Que  
suxerir? ¿Ir á Idade Media e ini-  
ciar a referencia a todo libro que  
tivo unha relación especial  
comigo? ¿Facerme política-  
mente correcto e acudir ós cata-  
logos de uso que debemos  
manexar todos os que nos adi-  
camos a isto? ¿Presentarme  
coma un elitista e transitar polas  
editoriais de culto? Ou ben...  
En setembro inicié a estada  
neste novo centro e a impulsos  
de adaptación comecei un peri-  
plo e unha andaina, recibindo  
fortes impactos emocionais ó  
contactar coa paisanaxe do IES  
Ribeira do Louro, e non sei se  
as lecturas feitas neste período  
terían sabido igual de seguir no  
anterior destino. Resolvín sina-  
lar algúns títulos de obras que  
lin dende setembro de 2006 ata  
hoxe, por deixar a incerteza de  
se houbo unha influencia esen-  
cial.

Aí vai, se nos mergu-  
llamos no policéfaco, no miste-  
rio, na acción, na aventura...  
“El retorno del profesor de  
baile” e “Antes de que hiele”,  
de Henning Mankell; “Justicia

uniforme”, Veneno de cristal” e  
“Muerte en la Fenice”, de  
Donna Leon; “Crimen en la  
granja” de Minette Walters;  
“Abril rojo” de Santiago  
Roncagliolo; “La incógnita  
Newton” de Catherine Shaw;  
“Ollos de auga” de Domingo  
Villar; “El miedo de  
Montalbano” de Andrea  
Camilleri; “Zigzag” de Juan  
Carlos Somoza.

Se damos un salto no  
tempo e mesturamos novela e  
historia: “A la sombra del tem-  
plo” de Toti Martínez de Leza;  
“Historia del rey transparente”  
de Rosa Montero; “La sangre  
de los inocentes” de Julia  
Navarro e “La máquina de aje-  
drez” de Robert Löhr.

Se o roce é co social,  
co político, coa memoria e o  
compromiso, tanto en novela  
coma en conto ou en ensaio:  
“Los girasoles ciegos” de  
Alberto Méndez; “Home sen  
nome” de Suso de Toro; “El  
médico de Ifni” de Javier  
Reverte; “Mauricio o las elec-  
ciones primarias” de Eduardo  
Mendoza; “Los mongoles  
entran en Bagdad” de José Luis  
Sampedro; “La higuera” de  
Ramiro Pinilla e “Os libros  
arden mal” de Manuel Rivas.

De temática xuvenil:  
“Donde surgen las sombras” de  
David Lozano Garbala; “Cielo  
abajo” de Fernando Marías; “El  
perro que corría hacia una estre-

lla” de Henning Mankell;  
“Mañana será otro día” de Faiza  
Guène.

Se o paseo é pola  
novela contemporánea de difícil  
signatura temática: “Los aman-  
tes tristes” e “En el país de las  
vacas sin ojos” de Eugenia  
Rico; “Llámame Brooklyn” de  
Eduardo Lago e “Travesuras de  
la niña mala” de Mario Vargas  
Llosa.

Se queremos facer un  
ejercicio de instrución amena  
ou coñecer certas entretelas:  
“Escritores contra escritores”  
de Albert Angelo; “La gramáti-  
ca descomplicada” de Alex  
Grijelmo e “El candidato  
melancólico” de José Antonio  
Millán.

Por último se prefires  
a novela filosófica: “La fortuna  
de Matilda Turpin” de Álvaro  
Pombo; “Leviatán” de Paul  
Auster; “La vida nueva” de  
Orhan Pamuk e “Las intermi-  
tencias de la muerte” de José  
Saramago.

Esperando que o atre-  
vimento non fose excesivamen-  
te farragoso, despídome do ani-  
moso lector, de todos os que  
notasen, soterradamente, a  
enorme paixón coa que foron  
escritas estas liñas. Ata sempre  
e que vostedes o lean ben.

Xulio C. Abalde  
(Departamento de Lingua Castelá)



## RECOMENDACIÓN S

**EL NIÑO CON EL PIJAMA DE RAYAS,**  
de John Boyne. Ed. Salamandra, Barcelona, 2007.

Todos vistes a película *La vida es bella*, a historia da vida dun neno e o seu pai nun campo de concentración nazi e, seguramente, lembraredes con arrepíos a cara do neno, a súa dor fronte á obrigada separación da súa nai, o seu temor perante as leis absurdas do campo, a súa incompreensión da situación que vive... E nós, que si sabemos o que estaba a pasar, qué era ese campo de concentración e cál era o destino dos seres humanos alí pechados, conmovímonos perante a inocencia dun neno incapaz de imaxinarse tal espanto. Pois ben, todos estes ingredientes, e algún máis, están tamén presentes no libro que eu vos aconsello ler: *El niño del pijama con rayas*. Pero nesta ocasión o neno protagonista, inocente e abraído diante da loucura dos nazis, estará ó outro lado do aramado porque se trata, nin máis nin menos, que do fillo do comandante do campo de concentración, un home, polo demais, agarimoso e preocupado polos seus pero que, incompreensiblemente, é capaz de executar a miles de xudeus, dominado polo fanatismo e a ambición profesional.

Bruno, que así se chama o neno protagonista, o mesmo que o Josué de *La vida es bella*, non entende nada do que día tras día ve, arrepiado, desde a ventá do seu cuarto: o inexplicable aramado, os téttricos barracóns, o macabro fume dos fornos e os miles de seres escuálidos arrastrándose uniformados cun pixama de listas.

E será entre eses seres escuálidos onde Bruno atopará a amizade, sentimento que no libro aparece descrito coma unha forza capaz de converter mesmo o inhóspito inferno nun lugar habitable, enchendo baleiros e borrando a sombra da soidade; e sobre todo, descubrimos como, liberándonos de prexuízos e fanatismos, a amizade é posible entre os

dous lados do aramado, converténdose así na mellor vacina contra a barbarie. De feito o "amigo para toda a vida" que Bruno atopa será, sorprendentemente, un neno xudeu chamado Shmuel. E ó longo das conversas secretas que manteñen, separados sempre polo omnipresente aramado, coñeceremos a historia dese neno, miudallos da súa vida no campo, crueis e tráxicos para nós que sabemos Historia pero incompreensibles e absurdos para eles que, na súa inxenuidade infantil, non poden supor semellante brutalidade. E na súa inocencia intentan explicar todo o que lles pasa, utilizando os parámetros da vida cotiá e deixándonos ós lectores verdadeiramente sobrecollidos.


Ate que, cansos de estar sempre falando, deciden que, polo menos, durante un día teñen que xogar xuntos.... E ate aquí pódovos contar. O resto da historia é verdadeiramente abraiante e o final é tan brutal e alleccionador que, por moitos anos que pasen, nunca o esqueceredes.

E diso se trata, de non esquecer xamais que estas cousas pasaron para evitar estar algún día nalgún dos dous lados de calquera aramado e para non esquecer tampouco que outros aramados seguen en pé na actualidade e que todos estamos obrigados a facelos desaparecer en nome da humanidade.

Prométovos que a historia non vos defraudará e, ademais, o libro é moi curto e doado de ler. Que máis se pode pedir? Lédeo e non esquezades nunca a crueldade da que somos capaces os que nos chamamos humanos.

Dolores Méndez

(Departamento de Lingua Castelá)


**TOKIO HOTEL**

ANDREA ÁLVAREZ

Trátase dunha fenomenal banda alemá que está a ter un enorme éxito en Europa. O seu primeiro single *Durch den Monsun* (A través do Monzón) foi nº 1 nas listas europeas. Grupo revelación de Alemaña en 2006, foron merecentes de premios como Bambi, BOTO e moitos máis.

Afirman que queren contar historias, describir as súas emocións, e cantar sobre a dor, o medo, e tamén sobre a esperanza. Desexan reflectir todos estes sentimentos, dende a vida real, as súas experiencias....

Aínda que son bastante novos (as súas idades abalan entre os 17 e os 19 anos), a música foi parte moi importante das súas vidas desde moi pequenos

Bill Kaulitz, o cantante da banda, estivo escribindo e componendo desde que tiña 9 anos. O seu irmán xemelgo Tom Kaulitz (nado 10 minutos antes que o seu irmán) leva tocando a guitarra dende os 6 anos.

Os xemelgos descubriron a súa paixón pola música moi pequenos e dende entón non deixaron de practicar e compoñer. Mentres que Bill expresa mediante a súa voz a paixón, o seu irmán Tom engaiola co seu carisma e con cada nota que lle sae da súa guitarra.

Despois coñeceron a Georg Listing, que agora toca o baixo

na banda, e a Gustav Schäfer, o batería, durante un concerto na súa cidade natal Magdeburg. Xuntáronse e fundaron Tokio Hotel (a orixe do nome é a seguinte: 'Tokio' por ser unha cidade moi grande e coñecida, na que apenas hai alemáns, e 'Hotel' porque a banda constantemente ten que andar de hotel a hotel e converteuse xa nun símbolo para eles).

Dende o comezo compoñen todas as súas cancións e fan os arranxos. Seis meses despois de fundaren o grupo, tiveron xa o seu primeiros concertos en clubs da súa cidade. "Pasabámonos case todos os fins de semana en pequenos escenarios, tocabamos moito e empezamos a ter as primeiras experiencias dun directo como banda"- explica Bill, sobre os seus primeiros momentos.

O público acababa entusiasmado cos seus concertos, e o seu inusual carisma permitía que a banda fose gañando adeptos cada día. Non pasou moito ata que a industria se fixou neles.

O grupo está actualmente ultimando os miudallos dun disco, que conterá os temas do seu álbum debut pero traducidos ao inglés, co que pretenden lanzar a súa carreira musical a outro país, nos que probablemente un disco en inglés poida ter máis repercusión. Ademais, están preparando o seu segundo disco en alemán, que sairá tamén en España neste ano 2007.

## O CRIME DE FILOMENA

MILA FERNÁNDEZ /

A principios do século XX, o Porriño era un pequeno e pacífico pobo, onde a tranquilidade se tronzaba de cando en vez polo ruído do tren, cuxas vías dividían o centro da vila. Nesta zona, hoxe coñecida como Rúa Progreso, tiñan os meus avós un aserradoiro de madeiras. Non moi lonxe de alí, vivía Filomena, muller de orixe portuguesa que, segundo algúns, adicábase a vender peixe e, segundo outros, exercía un oficio máis antigo e menos valorado.

Como en toda localidade pequena, a Filomena coñecía todos, e era sabido que, baixo as súas saias, penduraban do seu cinto dous cilindros metálicos cheos de moedas de prata. Moito diñeiro para aquel entón.

Nunha calurosa tradiña de agosto, acabada a súa tarefa, os empregados abandonaban o aserradoiro, e empezaba o seu solitario turno Paco, o vixiante. De alí a un pouco, chegaba Filomena que, coma outras veces, ía buscar serrín. Mentres a muller enchía o seu saco, as moedas tintineaban dentro daquelas latas e aquel son chegaba tentador aos oídos de Paco, facéndolle tomar unha cruel decisión: aproveitando o intre en que Filomena se inclinaba cara adiante, descargou sobre a súa cabeza unha das múltiples machadas que por alí había, causánolle a morte. Desposuído o cadáver daquel desexado botín, puxo o corpo nunha carretilla, levouna ata o río Louro que pasaba por detrás de aserradoiro e tirou a morta ás augas.



*O Porriño hai cen anos (Praza Central), tempo no que teñen lugar os feitos que aquí se narran*

O cadáver de Filomena apareceu días despois moi lonxe do lugar do crime con toda pegada borrada pola auga, o que fixo imposible a resolución do caso.

Porén, chegando as festas patronais, Paco decidiu celebralas bebendo máis da conta e pagando roldas dos seus amigos. Entón empezaron a agromar as soadas moedas de prata. O vixiante do aserradoiro de madeiras amenceu o día seguinte nunha cadea, preguntándose en plena resaca como terían podido descubrir o seu delito.

Estes feitos ocorreron realmente.

## A VIDA DESTE MOZO

JAVIER HERRANZ /

Breixo vive nunha pequena casa situada nas beiras do río Eume. É fillo único dun xubilado lexicario e de nai mariscadora.

A historia deste mozo comeza varios meses logo de superar a barreira dos vinte, aínda que, en verdade, para os seus pais aínda seguía sendo o neno da casa.

A xente que o coñecía alumábao como "o neno dos ollos tristes", porque na súa mirada, aparte de inocencia e dozura, destacaban certos trazos que transmitían tristura. Malia ser bo estudante e educado, era á vez un rapaz solitario e un tanto misterioso.

É verán, a principios da década dos 50, e como cada tarde, Breixo baixa ao río co seu can Rudolf, que, ademais de ser o seu mellor amigo, é alguén a quen lle confesa todos os seus segredos, segredos que o perseguen dende a infancia e que a xente normal, como el di, xamais chegarán a comprender. Efectivamente, a homosexualidade naquela época non era aceptada pola sociedade, e isto era un grave problema para o noso amigo, xa que nunca na vida podería catar o sabor da felicidade, ademais de poder chegar a ser a vergoña da familia, no suposto caso de que os seus pais descubriesen esa estraña personalidade. Con todo, trabucábase nunha parte.

- Que podo facer? Que será de min?

As mesmas preguntas repetíanse unha e outra vez na súa cabeza sen atopar resposta ningunha. Rezaba a Deus pedíndolle un milagre que lle puidese liberar dese cárcere tan sinistro. Pero todo foi en van, ata tal punto en que a dozura do seu rostro, co paso do tempo, foise convertendo na escura sombra da tristeza.

- O noso fillo..., que lle está ocorrendo ao noso fillo?- preguntaba a nai ao seu esposo cunha voz tremante e con ton de preocupación.

- O noso cativo faise maior, querida. Teremos que afacernos. A vida está chea de enormes preocupacións e a esa idade é cando ten que empezar a abrirse camiño cara ao futuro e empezar a facerlle fronte a novos problemas. Non debes preocuparte, meu amor. Nós estaremos aí sempre que el nos necesite.-respondía o pai cunha voz repousada, mentres acendía o tabaco da súa cachimba, ignorando todo canto pasaba pola cabeza do seu fillo. Ao día seguinte, como de costume, Breixo baixa ao río a pasear con Rudolf e na metade do paseo, un home maior crúzase con este e saúdao coma se o coñecese de toda a vida.

- Boas tardes, amigo. Parece que hoxe vai haber treboada.

Breixo, estrañado, mirando para un lado e para outro, responde:

-É a min, cabaleiro?

-Abofé que si. A quen se non?- respondía o cabaleiro mentres botaba unha gargallada.- É seu ese can?-volveulle a preguntar como querendo, custara o que custara, establecer unha amizade con Breixo.

- Pois é, señor. Chámase Rudolf; é un pastor escocés. Regaloume unha curmá que vive alá en Escocia, coa intención de que tivese a un bo amigo á miña beira.

- Non o dubido, rapaz. De feito, os cans son máis nobres que moitas persoas.

- Certo, señor. O mesmo penso.

Xoán, que así se chamaba o home, non tardou en facerse amigo de Breixo. Transcorrían as semanas e ámbolos dous fixéronse inseparables. Pero certo día, paseando co seu can, houbo algo nas verbas de Xoán que fixo espertar unha emoción no interior de Breixo nun súpeto cambio de conversa.

-Verás, fillo: ás veces, cando temos un problema, vémolos e analizámolo de tal maneira que parece máis grave do que realmente é. E moitas das veces non adoita ser un problema. O que pasa é que, cando algo ocorre e procuramos soluciónalo, botámonos atrás porque tememos que algo malo e inesperado aconteza, de tal xeito que nós somos os

que nos imaxinamos eses problemas a aquilo que nos sucede e pechámolos con chave no máis fondo das nosas entrañas para non velos máis. Mais, co tempo, se non o transmitimos, acaba por doermos tanto que todo se descobre por si mesmo. Breixo, sorprendido, disimulaba:

- Pensa vostede que eu teño un problema? En que se basea para aseguralo?

E sen dubidalo nin un só segundo, Xoán pechou os ollos e bicou os beizos de Breixo, deixando unha enorme pegada, que para él simbolizaba algo máis que unha verdadeira amizade. Perante a inesperada sorpresa, Breixo sentía como a súa agonía e a súa tristura se esvaían por uns intres da súa faciana, sen dar creto ao que estaba acontecendo naquel mesmo intre.

- Son o teu anxo da garda. Querote.

- Dime que este intre non forma parte dun soño. Asegúrame que estarei esperto neste paraíso ata a fin dos nosos días e que xamais volverei a abrir os ollos na escura penumbra do despertar, onde o meu choro se afoga baixo as profundidades do inmenso baleiro que envolve a miña pena cada mañá.- respondeu Breixo á vez que lanzaba un suspiro de paz perante a cálida e acolledora aperta do seu compañeiro.

Malia a gran diferenza de idade, os lazos de amor uníanse cada vez máis forte co paso do tempo. Porén, desafortunadamente, ese amor tiñan que vivilo en secreto e, como non, ás agachadas dos ollos dos pais de Breixo. Non era sinxelo, dado que soamente podían verse días veces por semana e nos arredores do pobo onde vivían, para non levantar sospeitas na veciñanza. Secomasí, os dous eran felices, pois vivían carteándose cada día e agardando que chegase ese bendito sábado no que os dous amores xuntarían as súas almas para convertelas nunha soa.

Breixo e Xoán, dous amores, dous amigos que non crían na felicidade, ata que o destino os fixo cadar no mesmo camiño. Esa felicidade, a pesar de todas as dificultades, nada nin ninguén llela puido arrebatat.

# A computadora humana visita o IES Ribeira do Louro

Con cinco rexistros mundiais no libro de Records Guinness, Jaime García Serrano é unha das persoas que van máis lixeiras á hora de botarlle a conta a unha operación matemática

JONATHAN IGLESIAS

O pasado 17 de xaneiro visitou o noso Instituto Jaime García Serrano, a quen moitos chaman, “a computadora humana”. O autor comezou a súa conferencia falándonos do importante que son as matemáticas e sorprendeunos a todos cunha demostración inicial: preguntoulles os nomes a polo menos vinte nenos e logo soubo como se chamaba cada un. Díxonos que iso era a memoria fotográfica, aquela que trata de deixar na mente algo con só miralo. Amais, o noso convidado tamén nos amosou a súa memoria auditiva, cando lles pediu a máis de vinte estudantes que pensaran e dixeran un número cada un, e el puido lembralos e repetilos todos. Por certo, abraiounos aínda máis cando nos asegurou que o fixera sen dificultade, xa que un dos cinco récords Guinness que posúe consiste mesmamente en




García Serrano, xunto cun ábaco, nun intre da súa intervención

ser quen de lembrar 1707 números. Para mellorar a nosa concentración, recomendounos un exercicio de relaxación inicial: “Cando esteades na casa, imaxinade que está baleira e concentrádevos respirando fondo”.

García Serrano realizou outras demostracións que nos deixaron coa boca aberta: cálculo de senos, cosenos, raíces cadradas de moitísimas cifras..., todo era capaz de facelo nun segundo, dando mesmo os decimais. Tamén chegou a

preguntar a algúns estudantes a súa data de nacemento e, a partir de aí, era quen de atinar co día da semana en que cadrara. En definitiva, foi unha estupenda conferencia, desas que crean vocación para as matemáticas.



Un dos divertidos libros do autor colombiano que podes ler na nosa biblioteca

## CANTO DIÑEIRO LEVAS CONTIGO E CANTOS IRMÁNS TES?

Velaquí un pasatempo moi divertido, por medio do cal podes chegar a saber canto diñeiro leva un xogador no peto (en números redondos, sen moeda fraccionaria) e tamén cantos irmáns e irmás ten.

O procedemento é moi sinxelo. Dille ti ao xogador que escriba a cantidade de diñeiro que posúe en euros, non en céntimos; logo, que multiplique esta cifra por 10 e que ao resultado lle engada 25; a seguir, que lle sume o número de irmás que teña e esa cifra que a multiplique por 10; despois, que ao resultado lle sume o número de irmáns. Pregúntalle que che diga o que lle dá. Pois ben, a esa cifra ti réstalle 250 e o resultado será o seguinte: a derradeira cifra, o número de irmáns do xogador; a penúltima, o número de irmás, e as primeiras, a cantidade de diñeiro que leva no peto.

Por exemplo: digamos que o xogador ten 125 € no peto e que, de acordo coas instrucións, multiplica a cifra por 10 e terá:

$$125 \times 10 = 1.250$$

ao que sumará 25, para obter así 1.275. Máis o número de irmás, que poderían ser 4:

$$1.275 + 4 = 1.279$$

para un total de 1.279, que multiplicará por 10:

$$12.790 + 3 = 12.793$$

$$12.790 + 3 = 12.793$$

Pídelle o resultado, ao que ti restarás 250, e terás así,  $12.793 - 250 = 12.543$ .

Terás adiviñado, daquela, que, de acordo coa derradeira cifra, o xogador ten **3 irmáns**; de acordo coa penúltima, serán **4** as súas **irmás**, e segundo as restantes cifras, os **cartos** que leva no peto serán **125 €**.

(Pasatempo tirado do libro *Carnaval matemático*)

# A MAXIA DAS MATEMÁTICAS

(Francisco Docampo e Ana Mª Castro, Departamento de Matemáticas)

**Convocado o IIº Concurso Matemático “Agudiza o enxeño”. Participa enfrontándote ás seguintes cuestións:**

## 1. BANDA DE MOBIUS (MOEBIUS)

Colle un folio.

Divídeo en tres tiras.

Úneas con pegamento.

Une os extremos, dándolle a volta a un deles.

Así obtés a banda de MOEBIUS que, a diferenza dunha banda normal, ten unha soa cara.



Imos demostralo!

Collemos un lapis e

comenzamos a marcala dende un extremo ata atopar de novo con ese mesmo extremo.

Que aconteceu?

Toma agora unha tesoiras e corta a banda por esa liña que trazaches co lapis.

Olla o que acontece.

E... agora volve a cortalo polo medio.

ABRAIANTE!!

Maxia ou matemáticas?

Saberías atopar algunha aplicación para este tipo de banda?



## 2. NA PROCURA DO EURO PERDIDO

Tres amigos van cear a un restaurante. Á hora de pagar, o camareiro dilles: “Son 30 €”. Cada un pon 10 €.

Ó chegar á caixa, o dono dille ó camareiro: “Son amigos meus, cóbralles só 25 €”. O camareiro colle 5 € para llos devolver pero... coida que será complicado repartir os cinco euros entre os tres amigos, por iso decide quedar con 2 € e devolverlles 3 €.

Deste xeito cada un paga 9 €.

$9 \times 3 = 27$  €, máis os 2 € do camareiro son 29 €. Onde está o euro que falta?

3.



A unha árbore subín onde mazás atopei eu mazás non comín mais mazás non deixei. Cal é a nosa árbore?



## 4. UN XARDINEIRO CON ENXEÑO

Como se apañaría para plantar dez árbores en cinco ringleiras de catro árbores cada unha?

Parece imposible, pero non o é!

## 5. Carl Friedrich Gauss (1777-1855)

Un xenio das Matemáticas!

Gauss tamén foi estudante. Certo día, de neno, cando se atopaba na escola, o seu mestre propúxolle a el e mais ós seus compañeiros un exercicio que pensou que lles levaría o tempo suficiente para el adicarse a outros mestres. Cal sería a súa sorpresa cando, de alí a uns segundos, Gauss entregou a resposta correcta: 5.050.

O problema que lles propuxo o profesor era o seguinte: “Sumade todos os números do 1 ó 100”.

Proba ti e mide o tempo para comprobar canto tardas.

Saberías dicir como fixo Gauss?



Carl Friedrich Gauss

6. Pensa un número de tres cifras e escribe ese número dúas veces, unha a continuación doutra, desá forma terás unha cantidade de seis cifras. Divide esa cantidade entre 7; o cociente obtido volve a dividilo entre 11, e, por último, repite a operación dividindo de novo entre 13.

Sorpresa!

Que é o que aconteceu?

Maxia ou Matemáticas?

Saberías dar algunha explicación matemática a isto?

# OSCAR PEREIRO: “Teño a conciencia moi tranquila”

No mes de marzo, Xacob Agra e Óscar Pereiro visitaron o noso centro para falar cos estudantes. Dúas das nosas xornalistas fixéronlle unha entrevista ao gañador do Tour de Francia

ADRIANA VÁZQUEZ /  
NOELIA SOUSA

**Suponse que dende pequeno che gustaba a bicicleta. Como xurdiu esa paixón?**

Pois co paso do tempo e por determinadas circunstancias. Onde vivían os meus avós había un grupo de xente que andaba moito en bicicleta e eu empecei a acompañalos. De todos os xeitos, eu de pequeno era máis futbolero ca ciclista.

**Cando che regalaron a túa primeira bicicleta? En que intre comezaches a correr?**

Aos 12 anos, na primeira comunión. Con esa idade comecei a correr no equipo do Porriño.

**Cal era o teu ídolo de pequeno?**  
Hugo Sánchez e Perico Delgado.

**Cando gañaches a túa primeira carrera?**

Foi en Quiroga, no ano 1992.

**Cal era o teu alcume de pequeno?**  
Cascarilla, xa que era delgado e baixo.

**Adestras moito?**

Adestro; de dúas a sete horas diarias, segundo a época do ano, ou sexa, 35.000 km ao ano.



Xacob Agra, campión do mundo por equipos na especialidade de motociclismo de enduro, e mais Óscar Pereiro, vencedor do Tour de Francia, no salón de actos do IES Ribeira do Louro

**Como fas para ser tan rápido? Cóntanos o segredo.**

Traballo, moita disciplina e espírito de superación. Eu son dos que digo que estou a chegar moito máis lonxe do que o meu corpo me permite. Podo ser un deportista con cualidades moi boas pero non son un superdotado como poden ser outros. Coido, en troques, que teño como digo un espírito de superación moi grande e cando comezo algo quero levalo ao máximo nivel.

**Como levas o tema das lesións?**

Ben, normalmente non teño, aínda que levo agora dous días parado por

unha tendinite, a primeira que teño dende hai anos.

**Molestouche que dixesen que te dopaches?**

Claro que me molestou, porque mentres non se demostre o contrario non poden acusar a unha persoa da maneira en que o fixeron comigo. Teño a conciencia moi tranquila.

**Cando te proclamarán vencedor do Tour de Francia?**

Non o sei. Fagamos apostas... Sinceramente, eu coido que nunca me proclamarán vencedor do Tour.

## Alumnos do IES Ribeira do Louro na TVG



Manuel Romón é o presentador do programa da TVG “Libro aberto”, adicado ao pracer de ler

REDACCIÓN

O día 8 de febreiro, os alumnos de 3º ESO-A fomos ao Porriño, á biblioteca municipal, co gallo de facerlle unhas preguntas a Manuel Janeiro, o autor de “Pucho, o habitador dos tellados”, libro que lemos.

Ao chegar, sentámonos na nova sala da biblioteca, un espazo feito para os máis cativos. Uns minutos máis tarde chegou

Albino e un cámara, e a partir de aí comezamos a formular as preguntas. Ás veces tiñamos que repetir, xa que nos daba a risa. Ao cabo de 45 minutos, xa acabáramos. Ao saírmos, estivemos comentando a experiencia e todos cadramos en que nos gustou bastante.

Aparecemos na TVG o día 7 de marzo, no programa “LIBRO ABERTO”

# NOTABLE PARTICIPACIÓN DE ALUMNADO E PROFESORADO NO ENTROIDO 2007

álbum de fotos

XOSÉ MANUEL SANROMÁN / IRENE VALLE /  
NATALIA GONZÁLEZ



*Os de 1º deixáronnos abraizados co seu baile*



*A música da timbalada chegounos ao corazón*



*Aníbal, recollendo o seu premio*



*James Bond, saudando*



*Os de Bacharelato foron moi críticos*



*Os gañadores do concurso, antes da presentación, posando perante a cámara*



*Os presentadores estiveron brillantes*



*Os demos viñeron a quentar o ambiente*

Álbum de fotos (continuación)



As reporteiros de "Aquí non hai tomate"




As elegantes bailarinas nun intre do seu número



Os malos sempre son apañados



Xente de rúa, nunha marabillosa pasarela, logo dun cambio radical



Enfemeira, metida a presentadora, olla á compañeira de voz algo grave



Os de 4º querían ir á praia. Xa!




Os nosos profesores e profesoras tentaron alegrarnos a mañá




**1. Neste caldo de letras están os nomes que corresponden ás seguintes imaxes. Están en galego e en inglés. Va que non podes atopalos?** (Ana Belén García, Departamento de Inglés)



|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | B | R | C | A | N | T | P | Z | C | A | B | A | L | O | C |
| M | S | C | H | O | O | L | B | A | G | P | O | R | C | O | H |
| P | L | A | I | D | L | P | G | P | R | I | N | T | E | R | P |
| R | A | D | C | U | E | R | C | A | S | A | S | U | T | L | A |
| E | I | E | K | F | I | E | S | T | R | A | J | Z | W | T | P |
| S | O | I | E | F | T | R | M | O | C | H | I | L | A | I | E |
| O | O | R | N | N | E | E | O | S | H | M | K | B | T | N | L |
| R | G | A | A | S | M | Q | N | Y | A | L | T | O | C | S | E |
| A | P | A | Z | D | E | I | E | O | I | L | U | H | H | H | I |
| G | O | O | F | W | B | X | Y | M | R | E | L | O | X | O | R |
| I | L | G | L | A | S | S | E | S | P | I | G | U | V | E | A |
| M | O | J | K | U | S | W | I | N | D | O | W | S | C | S | I |
| D | I | Ñ | E | I | R | O | A | H | O | R | S | E | W | E | P |



**2. Atrévete agora co seguinte encrucillado galego-inglés?** (Xosé Antonio Cid, Departamento de Inglés)



**ACROSS.** Read the definition. Write the solution in galego.  
**DOWN.** Le a definición. Escribe a solución en English.

1. É un animal que temos en moitas casas. Un bo cazador.
2. Alimento básico dos irlandeses aínda non hai moitos anos.
3. As velas fanse con ela.
4. O contrario de algo.
5. Non é novo.

1. It is a bush. It's got lots of thorns. It is very common here in Galicia.
2. You need it to fry eggs.
3. Blind animal, black. It builds lots of tunnels.
4. They are in your face. They are your windows to the world.
5. It's not a rooster. It's his wife.

**3. Resolve o seguinte sudoku:**

(Solución na páx. 34)

|   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
|   | 3 |   | 1 |   | 4 | 7 |   |
| 7 | 2 |   |   |   |   | 5 | 6 |
|   | 4 | 6 |   | 7 |   | 2 | 3 |
|   |   | 8 | 2 |   |   |   |   |
|   |   |   |   | 3 | 5 |   |   |
| 5 | 8 |   | 7 |   | 1 | 4 |   |
| 8 | 1 |   |   |   |   | 3 | 4 |
|   | 5 | 2 |   | 8 |   | 6 |   |

**AGUDIZA O ENXEÑO**

(Solucións aos problemas do Iº Concurso Matemático:)

1)



- 12+1=13
- 11+2=13
- 10+3=13
- 9+4=13
- 8+5=13
- 7+6=13

2) Poñemos os dous reloxos ó mesmo tempo. Cando o pequeno remata, quédanlle catro minutos de area ó grande (11-7=4). Nese intre comeza a cocción do ovo. Cando remata o reloxo grande, o ovo leva 4 minutos de cocción e, dándolle a volta, conseguimos os 15 minutos que necesitabamos (4+11=15).

3)  $x = \text{hora} = \text{tempo do día transcrito.}$   
 $24 - x = \text{tempo que resta de día.}$   
 $24 - x = 7 \cdot \frac{1}{5}x \Rightarrow 120 - 5x = 7x \Rightarrow 8x = 120 \Rightarrow x = 15$

Son as 15:00 => AS TRES DA TARDE

4) Ano medio = 365 días, 5 horas e 49 minutos = 525.949 minutos. Tomamos o ano como 365 días = 525.600 minutos e polo tanto desprezamos 349 minutos ó ano. Cada canto tempo haberá que engadir un día (1.440 minutos)?  $1.440 : 349 = 4,1 \approx \text{cada 4 anos.}$

5) A partir das 12:00 as agullas comezan a alonxarse.

Transcorrida unha hora, a 1:00, o minuteiro xa esta próximo a alcanzar a agulla horaria pero, canto tempo tardará en atinxila?


Tendo en conta que o minuteiro percorre 60 minutos, mentres que a agulla horaria só percorre 5, teremos que:

$$\frac{5+x}{60} = \frac{x}{5} \Rightarrow 25 + 5x = 60x \Rightarrow 55x = 25 \Rightarrow x = 0,45 \text{ minutos} = 27 \text{ segundos}$$



Xa que logo: 1 hora 5 minutos e 27 segundos

**Solución do encrucillado inglés-galego:**



**Solución do sudoku:**

|   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 3 | 5 | 1 | 2 | 4 | 7 | 8 |
| 7 | 2 | 4 | 8 | 1 | 3 | 5 | 6 |
| 1 | 4 | 6 | 5 | 7 | 8 | 2 | 3 |
| 3 | 7 | 8 | 2 | 4 | 6 | 1 | 5 |
| 2 | 6 | 1 | 4 | 3 | 5 | 8 | 7 |
| 5 | 8 | 3 | 7 | 6 | 1 | 4 | 2 |
| 8 | 1 | 7 | 6 | 5 | 2 | 3 | 4 |
| 4 | 5 | 2 | 3 | 8 | 7 | 6 | 1 |

**Solucións ao test "UN SABIO DA XEOGRAFÍA"**

|   |   |    |   |
|---|---|----|---|
| 2 | p | 10 | c |
| 4 | p | 8  | g |
| 3 | p | 8  | g |
| 5 | g | 1  | p |
| 1 | g | 9  | g |


0 - 4 : SUSPENSO/A!! Sabes polo menos onde vives, non? Pon as pilas!!!  
 5 - 8 : APROBADO/A POLOS PELOS!! Que te dedicas a facer na clase de Xeografía?  
 9 - 10: SOBRESAÍNTE!! Nótase que atendes nas clases de Xeografía! Tes madeira de xeógrafo/a. Parabéns!!



BRYAN PÉREZ /



DIEGO VÁZQUEZ /




SHEILA PÉREZ /

Adiviñas os profesores e profesoras representados nestas caricaturas. Na que aparece na parte inferior esquerda, dámosche algunhas pistas.



FLORENTINA CASTAÑO /



## UN SABIO DA XEOGRAFÍA

JESSICA FERNÁNDEZ

Realiza este test sobre xeografía riscando a resposta correcta. Comproba o resultado na táboa; por cada resposta acertada obterás un punto. Despois le o teu veredito segundo a puntuación obtida.

### 1. Onde nace o río Miño?

- a) Lugo
- b) Ourense
- c) Asturias

### 2. En cantas comunidades autónomas se divide España?

- a) 17
- b) 12
- c) 21

### 3. Cales destas tres opcións son as Illas Canarias?

- a) Eivisa, Mallorca, Lanzarote, Tenerife e Gran Canaria.
- b) Ferro, Gomera, A Palma, Forteventura, Tenerife, Gran Canaria e Lanzarote.
- c) A Palma, Forteventura, Tenerife, Ferro, Gomera e Formenteira.

### 4. En cantas provincias se divide Castela e León?

- a) León, Palencia, Valladolid, Zamora, Salamanca, Ávila, Segovia, Burgos e Guadalaxara.
- b) Soria, Segovia, Salamanca, Ávila, Valladolid, Zamora, Palencia, Burgos e León.

- c) Segovia, Ávila, Salamanca, Toledo, León, Palencia e Cidade Real.

### 5. Cal destas palabras non é unha provincia de Andalucía: Sevilla, Huelva, Córdoba, Xaén, Almería, Teruel, Cádiz, Málaga, Granada?

- a) Xaén
- b) Teruel
- c) Huelva

### 6. Cal é o país máis extenso do mundo?

- a) Rusia
- b) China
- c) Estados Unidos

### 7. Cal é o pico máis alto de España?

- a) Mulhacén
- b) Teide
- c) Aneto

### 8. Onde se sitúan os montes Apeninos?

- a) Francia
- b) Italia
- c) Suíza

### 9. Onde se atopa o pico máis alto do mundo?

- a) Meseta do Tíbet
- b) Meseta de Irán
- c) Alpes

### 10. Onde se encontra o deserto de Kalahari?

- a) Australia
- b) Brasil
- c) África

(Solucións na páx. 34)

# Estudantes convertidos en regueifeiros

Durante este curso, os dous regueifeiros con máis sona de Galiza, Luís Correa (“O Caruncho”) e Pinto de Herbón, organizaron no noso instituto un obradoiro para nos ensinar aos alumnos de 2º e 3º da ESO a arte do desafío oral improvisado. Regueifeiro é aquel que sabe dialogar con outro, mediante o canto e a improvisación en cada quenda dunha cuarteta. A práctica da regueifa constitúe un excelente exercicio para mellorar a comunicación oral, mitigar o medo escénico e potenciar axilidade mental e mais a creatividade.

ADRIANA VÁZQUEZ

Durante a primeira sesión, os mestres da regueifa comezaron o seu número meténdose cos profesores que estaban no salón de actos. Deseguido, explicáronnos que a cobra ou estrofa utilizada nunha regueifa chámase “cuarteta” e que se caracteriza porque ten 4 versos octosílabos, coa combinación *abcb* (é dicir, teñen que rimar o segundo e o cuarto versos); a rima pode ser asonante ou consonante. A chave para improvisar versos de oitos sílabas é interiorizar un ritmo (por exemplo: TÁRA-RÍRO-RÍRO-RÍRO / TÁRA-RÍRO-RÍRO-RÁRO / TÁRA-RÍRO-RÍRO-RÍRO / TÁRA-RÍRO-RÍRO-RÁRO).

Contáronnos que a regueifa é unha arte espallada por todo o mundo que no noso país conta cunha importantísima tradición. E para que continúe vivo este saudable exercicio da improvisación oral, afoutáronnos a todos os estudantes a que elaborasemos cuartetas sobre estes temas: o tabaco, o terrorismo e a inmigración. Vexamos algunhas mostras:

## TABACO

Non me fales de tabaco  
nin tampouco do seu fume  
que quedei intoxicada  
tiven que beberlle un zume.

(Jennifer Rodríguez)



Adeus amigo Caruncho  
adeus amigo Pintiño  
acordareime de vós  
contareillo ó meu filliño

(Laura Norniella)



Alumno cantando a regueifa con Pinto de Herbón

Estaba eu na beirarrúa  
preto dunhas aloucadras  
que me dixeron a min  
se quería unha calada.

(María Saa)

Non me fales de tabaco  
sabes ben que non o quero  
se ti queres ir tomalo  
podes ti ben ir compralo

(Judit Fernández)

O tabaco éche moi caro  
non paga a pena mercalo  
fumas, fumas sen parar  
é moi difícil deixalo.

(Érica Ramírez)

## TERRORISMO

Non fales de terrorismo  
miña querida amiguiña  
fálame doutra cousa  
ai filliña queridiña

(Laura Norniella)

## INMIGRACIÓN

Os pobres inmigrantes  
xa non saben que facer  
porque alí no seu país  
non teñen nin que beber.

(María Saa)

Os inmigrantes de Marrocos  
teñen que salta-la “valla”  
moitos morren no camiño  
outros atópanos na praia.

(Adriana Vázquez)

Na segunda sesión, todo o tempo o pasamos improvisando cuartetas de xeito oral, é dicir, “cantando a regueifa”. Coido que o fixemos moi ben, porque trece de nós fomos seleccionados para un concurso de regueifeiros e regueifeiras de ámbito galego.